

PROGRAMA ELECTORAL
ELECCIONES AUTONÓMICAS 2005



Índice

emprego	3
medio ambiente	10
muller	14
cultura e medios de comunicación	21
bosque: recursos hidrolóxicos e forestais	24
sanidade	31
inmigración: á conquista da cidadanía	34
educación	42
urbanismo e vivenda	50
mocidade	54
xustiza	60
ferrocarril	65

EMPREGO

Situación

O desemprego é a escasa calidade do existente son os problema fundamentais cos que se atopa a sociedade galega, nos últimos datos oficiais indican un porcentaxe de paro do 13,6% (157.337) no ano 2003, o que supón un incremento con respecto o ano anterior dun 4,2%, ademais as cifras de precariedade chegan o 36,6% en Galicia, e a cifras tan alarmantes como o 46,8% na comarca do Salnés. A taxa de paro é catro puntos máis alta en Galicia que no resto do Estado.

Capítulo aparte merece a situación da mocidade Galega, os últimos datos do IGE, amosan unha desoladora situación, o 60% dos mozo e mozas entre 16 e 29 anos está En precario, e do 685 entre os mozos e mozas de 20 a 24 anos.

Modelo de precariedade que a Xunta institucionaliza co seu plan Labora, que garante traballadores cualificados, con contratos lixo e ínfimos niveis salariais, EU-IU aposta pola superación deste programa, así como da eliminación paulatina dos programas de emprego baseados na cooperación social, e a súa conversión en contratos de calidade, programas de emprego que non xeneran cotizacións sociais, e polo tanto son a cara máis dura dos contratos lixo.

Cabe destacar que a Xunta ten gastado un total de 170.996.668 en subvencións a empresas para erradicar a temporalidade entre os anos 98 e 2002, pero as cifras crecen paulatinamente, o que indica de xeito evidente, e a política de subvención empresarial, non sirva para mudar a situación de precariedade, e si para encher os petos dos empresarios e empresarias galegos/as.

Estes números evidencian unha situación de colapso do emprego na nosa comunidade, que converte nun obxectivo fundamental da nosa organización, e da sociedade galega, a superación do estado actual, que permita a creación de máis emprego e de maior calidade, o emprego precario é o novo modelo de explotación e de recorte de liberdade do traballador do século XXI.

Este escenario obriga a clase obreira galega a: elevadísimos niveis de eventualidade, menores salarios, e flexibilidade laboral extrema. Situación que está a perder o seu carácter temporal, relacionado cos primeiros traballos, a transformarse en situacións laborais permanentes, que furtan as posibilidades de desenrolo persoal dos galegos e galegas.

A nosa organización non pode permitir que esta situación se perpetúa en Galicia, e a nosa presenza no futuro parlamento Galego, será a única garante de que as políticas de emprego señan unha prioridade do futuro executivo. O fracaso das políticas neste sector do resto de grupos evidencia a asunción total do modelo Capitalista, modelo que necesita deste exército de reserva de parados para garantir o non incremento dos dereitos laborais, fronte a esto EU-IU propón un novo modelo de relación laboral, que garante e mellora

dereitos, e que priorice a contratación indefinida fronte o novo modelo de esclavitude que se chama temporalidade.

As políticas económicas desenroladas polos Gobernos centrais e da Xunta supoñen un freo para a consecución dun emprego de Calidade seguro e con Dereitos.

1. Erradicar a temporalidade

O obxectivo do pleno emprego, non é suficiente, se non se acompaña dun emprego de calidade, seguro e con dereitos, nos últimos anos no conxunto do estado se crea emprego pero de baixa calidade, mal retribuído e sen dereitos. EU-IU propón:

- Reformas legais que limiten a subcontratación, e erradiquen esta practica da promoción pública.
- Limitaremos o uso dos contratos temporais incrementado as súas cotizacións sociais, evitando o seu encadeamento e fomentando a súa conversión en indefinidos.
- Impulsar a redución do tempo máximo dos contratos pos obra ou servizo.
- Incrementar as accións de inspección de traballo e dotar dos medios suficientes para elo.

2. Pleno emprego seguro e con dereitos

O pleno emprego con dereitos básicos reconecidos e reais, é a única garante da existencia dunha sociedade libre e democrática, a actual ausencia “de facto” de dereitos laborais, limita a democracia.

Unha das lacras fundamentais do emprego en Galicia, é alto índice de siniestralidade na nosa comunidade, o pasado ano 124 traballadores perderan a vida en Galicia no seu posto de Traballo, EU-IU debe impulsar dende a Xunta unha nova política de seguridade e saúde, que reduza de forma importante estas inasumibles cifras de siniestralidade. Os factores que inflúen directamente sobre esta situación son o emprego precario, a rotación dos postos de traballo, e a cultura de “destajo” que se ten radicado no mercado laboral galego.

Neste campo EU-IU propón:

- Reducir, reordenar e redistribuír o tempo de traballo e o emprego existente.
- Colocar no primeiro posto das prioridades políticas, a creación de emprego e o cambio de modelo productivo.
- Garantir a igualdade no emprego e nos salarios dos xovenes e mulleres.
- Fixar unha renda básica suficiente, para tódalas persoas que non dispoñen dun emprego remunerado.

- Contribuír a mellora salarial dos traballadores e traballadoras disputando as empresas a participación nos beneficios e excedentes.
- Incrementar os orzamentos da comunidade dirixidos a prevención.
- Impulsar iniciativas de diálogo social e acordos sectoriais entre patronal e sindicatos, para impulsar a cultura preventiva a vixilancia do cumprimento da normativa.
- Promover un órgano de coordinación entre mutuas, inspección de traballo, Xunta, patronal e sindicatos.
- Intervenir de oficio nos casos de accidentes mortais e graves, de traballadores e traballadoras.
- Promover a accesibilidade dos traballadores e traballadoras nos polígonos industriais a través do transporte público.
- Formar a profesionais da atención primaria sanitaria pública galega, para detectar as enfermidades de orixen profesional e orientar o seu traslado para o cambio de continxencia no INSS.

3. Reducción de xornada, reparto de riqueza

O reparto da xornada laboral sen redución salarial debe ser un obxectivo das organizacións de Esquerdas de este país, “traballar menos para traballar todos e todas”, debe ser a máxima das futuras políticas, que nesta materia se realicen dende tódalas institucións públicas.

Dende EU-IU debemos impulsar unha política de redución de xornada dende tódalas administracións nas que participemos, mais si cabe, cando o debate a nivel europeo, defendido por supostos partidos da “esquerda”, pretende eliminar as trabas a limitación de xornada, e no momento actual pelean por eliminar o límite máximo das 48 horas semanais.

Debe quedar claro que o salario é un dereito, que pese a redución, debe quedar inamovible, é que debe ser o beneficio empresarial quen financie este reparto. Sen traballadores e traballadoras non existe beneficio empresarial.

- Implementar a quinta semana de vacacións.
- Reforma e impulso do contrato de relevo, e adianto da idade de xubilación coma elemento básico da creación de emprego.
- As administracións públicas lideraran os programas de reparto de traballo.

4. Creación de emprego

Queda claro que o obxectivo de EU-IU é a xeración de emprego de calidade, para iso é necesario en Galicia explotar os nosos xacementos de emprego, Rías, sector Primario, gandería extensiva...

Dende EU-IU apostamos por unha reforma do modo de produción, a eliminación das políticas que sitúan as Rías como posible chan industrial barato, EU-IU oponse o recheo industrial para xeneral espacio industrial desvinculado do entorno, unha rexeneración integral debe ser o motor da xeración de emprego no sector primarios das nosas rías.

As necesidades de atención das persoas dependentes de Galicia, ademais dunha prioridade social, xerarían un elevado número de postos de traballo, EU-IU propón un incremento decidido das partidas orzamentarias destinadas a este sector, que permitan reducir as situacións actual de inexistencia, e o mesmo tempo xeneren cifras considerable de emprego de calidade. Esta política vértase directamente cas políticas de igualdade, pois en Galicia, son as mulleres quen sufren esta situación, abandonado os seus empregos para atender as persoas dependentes. O futuro Goberno Galego debe atender unha atención a dependencia universal e de calidade.

Estas políticas contribúen a xerar unha sociedade com. Máis emprego, mellor calidade de vida e máis dereitos sociais.

Algunhas das nosas propostas:

- impulsar o establecemento e mantemento de empresas públicas nos sectores estratéxicos (enerxía, telecomunicacións, naval)...
- Incrementar as políticas de desenrolo de servicios de proximidade de carácter público, garderías, transporte local, coidado de anciáns, axencias de inserción, centros de día, asilos)
- Convertir o voluntariado e os “becarios precarios “ en verdadeiras situación de contratación de calidade.
- Poñer en valor o traballo doméstico, activando políticas de socialización deste traballo.
- Cubrir as necesidades dos servicios públicos, mellorando a atención e dotándoos dos medios económicos e materiais necesarios.
- Incrementar o Gasto público en I+D, articulando as medidas necesarias para garantir que as empresas privadas destinen porcentaxes sobre os seus beneficios antes de impostos a este tipo de inversión.

5. Xoves e emprego

A mocidade é o colectivo que ten maior dificultade para acceder o mercado laboral, soportando ademais, aqueles que teñen a “oportunidade” de traballar, as condicións máis duras, precariedade, abuso patronal... situación que se acentúa no caso das mulleres novas.

A metade dos parados de Galicia atópanse entre a poboación moza.

Toda esta situación pode e debe abordarse dende os poderes públicos, son necesarias políticas de información xuvenil, que garanticen o coñecemento dos seus dereitos laborais os mozos e mozas de Galicia, sendo imprescindible ademais incrementar a persecución no fraude na contratación, e incrementar o investimento en políticas de I+D.

- Superar o programa de emprego Labora, convertendo estes contratos en contratos de calidade ben remunerados.
- Garantizar que os contratos de formación permitan a compatibilización “real” entre estudo e traballo.
- Crear un ente público de xestión e asesoramento xuvenil no autoemprego, que ademais implemente os necesarios plans de emprego xuvenil comarcalizados.
- Aumento dos módulos sociolaborais na formación reglada.
- Creación da renda básica para xóvenes desempregados, superando os actuais criterios de cotizacións mínimas.

6. Plan de emprego

Elaboración dun plan de emprego ca participación activa das centrais sindicais, que deberá ser amplamente discutido e consensuado pola sociedade galega. Este plan de emprego debe acadar os obxectivos da redución do paro, mellora da calidade do emprego existente e reducir a precariedade.

Debemos variar a dinámica de subvención da formación da poboación desempregada, dado que os niveis de inversión actual, non están a garantir a diminución das taxas de paro e eventualidade senón todo o contrario, os actuais plans de emprego son en definitiva subvencións encubertas para reducir os gastos fixos das empresas, creando ademais organismos e entidades intermedias cun claro carácter clientelar.

A formación ocupacional da xunta, que non está suxeita a ningún criterio razoable, supón que no ano 2003 nos gastásemos 42.902.615 €, que non serviron para reducir as taxas de paro senón todo o contrario do 2002 o 2003 se incrementou esta taxa en Galicia en 4.2%.

Un exemplo claro da errónea política da xunta neste sentido, na comarca do Salnés entregouse as empresas entre 1999 e o 2003 un total de 8 millóns de Euros, que non lograron reducir as taxas de precariedade senón que se atopan no 2003 nun alarmante 46.8%.

A actual política de inxección directa de cartos as empresas non garante en ningún caso a redución das cifras de paro e precariedade.

- Cambio do modelo productivo cara produtos de máis calidade e contido tecnolóxico formativo.
- Limitación da subcontratación .
- Control das empresas de traballo temporal e a súa erradicación das administracións públicas.
- Derogación das empresas privadas de colocación.
- Penalización da contratación temporal
- Eliminación das axudas a contratación temporal

7. Servicio público de emprego

EU-IU plantexa a posta en marcha do servizo público de emprego de Galicia, superando o actual e ineficaz servizo galego de colocación, que é un eficaz instrumento de fuga de cartos públicos, sen rendimentos en novas contratacións.

Este novo organismo debe xestionarse de forma tripartita entre o Goberno Galego, as centrais sindicais e as organizacións empresariais, isto implicaría a transferencia do INEM.

Este novo servizo debería coordinarse cos de outras comunidades, para homoxeneizar os servizos de emprego, que terá ademais unha estrutura descentralizada atendendo as distintas necesidades das comarcas de Galicia.

MEDIO AMBIENTE

Levamos 16 anos baixo o goberno de dereitas do PP. Neste tempo o PP non foi quen de dar unha verdadeira resposta ecolóxica e social para os problemas que Galicia viviu e está a vivir no presente. A súa política, lonxe de buscar un auténtico equilibrio entre o desenvolvemento e a sostibilidade, parece cada vez máis alonxada de cumprir este obxectivo prioritario nunha sociedade moderna, democrática e xusta como dende EU-IU estamos a defender. O PP non foi capaz de xestionar a maior catástrofe ambiental dos últimos tempos, a marea negra do *Prestige*, e a día de hoxe a repetición dun desastre coma ese pode ter as mesmas consecuencias, xa que os pasos dados ata este momento co fin de minorizar os efectos dunha nova marea negra son máis ben escasos. Por non falar da ausencia de ordenación territorial, carente de criterio económico, no que se refire a gasto público, e ambiental, tendo a política de infraestruturas da Xunta de Galicia como obxectivo, na maioría dos casos, o cumprimento de intereses localistas en detrimento dun ben que é de todos e todas o medio natural.

Dende EU-IU somos conscientes de que:

-O actual modelo de vida, en canto a produción e o consumo nos ritmos actuais, é insustentable.

-Os recursos da Terra son finitos.

-O crecemento económico está limitado pola capacidade do planeta para renovar os recursos naturais e para absorber residuos e emisións contaminantes

-É posible facer máis con menos, con aforro e eficiencia. É posible compatibilizar o desenvolvemento económico, industrial, agrícola, gandeiro, pesqueiro, marisqueiro ... co respecto ao medio natural.

-Os importantes convenios ambientais adoptados polas administracións públicas españolas non se están aplicando: *Convenio Ramsar* sobre a Protección dos Humedais, *Convenio de Espoo* sobre a Avaliación Estratéxica do Impacto Ambiental, *Convenio sobre Biodiversidade e Estratexia Española* sobre a Biodiversidade, *Convenio de Aarhus* sobre o Acceso á Información, Participación Pública nos procesos de Decisión e Acceso á Xustiza en temas Medioambientais, Directivas ambientais da Unión Europea, etc.

É, por iso, polo que dende EU-IU temos moi claros cales deben ser os nosos obxectivos no referente á política medioambiental:

- A calidade de vida das maiorías sociais e das xeracións futuras nun marco de sustentabilidade. Garantir a calidade de vida da xeración actual sen comprometer a das xeracións futuras. A protección, conservación e restauración do medio ambiente é garantía de saúde e

benestar para todas as persoas e garante a satisfacción das necesidades que teñan as xeracións vindeiras.

- A transparencia e participación democrática na elaboración e seguimento das diversas políticas ambientais, económicas e sociais.
- A reorientación das actividades económicas en dirección a un uso sustentable dos recursos naturais, sen rebasar a capacidade de acollida do medio, promovendo a produción limpa, o consumo responsable e a creación de emprego socialmente útil.
- Boas prácticas ambientais na xestión pública (en instalacións, contratación, consumos, ...).
- Xestión pública directa dos servicios ambientais .
- Fomento da creación de emprego en actividades relacionadas coa protección do medio ambiente: reutilización, reciclaxe, enerxías renovables, ...
- Impulso do transporte sustentable co ferrocarril como columna vertebral do sistema.
- Lanzamento da Axenda 21 Local de democracia participativa na transformación ambiental, económica e social de municipios, comarcas, provincias e autonomías.
- Reducción dos residuos e impulsar a reutilización e a reciclaxe.
- Aumento da seguridade alimentaria e a saúde pública incrementando a agricultura ecolóxica e a pesca responsable que salvagarde o futuro dos recursos naturais mariños.
- Reforma ecolóxica e social da contabilidade autonómica, asumindo cada actividade productiva, e cada servizo, os custos externos que xera, e establecendo prezos xustos.
- Cara unha nova fiscalidade ecolóxica que grave as actuacións máis impactantes sobre o medio e fomenta as boas prácticas ambientais.
- Promoción da investigación ambiental en colaboración con universidades e organismos públicos.
- Educación e sensibilización ambiental en todos os sectores da poboación.
- Promoción do cumprimento dos importantes convenios medioambientais adoptados pola administración pública que non están sendo postos na práctica.

Tomando en consideración estes principios e obxectivos EU-IU presenta, en particular, cara a un país economicamente sostible o seguinte:

Enerxía e Transporte

A fonte básica de emisión de CO₂ é o uso de combustibles fósiles (carbón e petróleo) na produción de enerxía eléctrica, a industria, os sistemas de climatización e o transporte. A masificación do transporte privado ocasiona numerosos problemas nos núcleos urbanos, sobre todo de contaminación atmosférica e de ruído. Tamén é prexudicial a contaminación electromagnética, producida pola exposición cercana a tendidos eléctricos de alta tensión. Nestos aspectos propoñemos:

1) Desenvolvemento dun Plan Enerxético para evitar o despilfarro de enerxía e fomentar o uso de enerxías renovables. O seus contidos fundamentais serán:

- Instalación masiva de enerxía solar térmica para a obtención de auga quente en vivendas e servizos, mediante a subvención con xuro 0 a cinco anos do custo do 75% dos colectores.
- Introducción de enerxía solar fotovoltaica nos centros públicos do país, ata cubrir o 1% do consumo eléctrico deles. Subvención ás instalacións de vivendas de protección, acolléndose ao marco legal existente.
- Aproveitamento enerxético dos residuos forestais, agrícolas e de xardinaría mediante a construción plantas de biomasa.
- Desenvolvemento da implantación de sistemas de coxeneración na industria e os servizos (hospitais, etc.) e de mellora da eficiencia enerxética en todas as ramas da actividade económica, incluso con auditorías nas administracións públicas coa fin de reducir os consumos.
- Unha nova fiscalidade enerxética que bonifique a eficiencia no consumo.
- Preinstalación de enerxías alternativas en todo tipo de construcións públicas
- Programa de rehabilitación e climatización subvencionada de vivendas, introdución de criterios bioclimáticos na construción, orientación e entorno urbanístico das vivendas.
- Cambio dos sistemas menos eficientes de iluminación pública das zonas urbanizadas e estradas, para reducir o consumo e a contaminación lumínica.
- Creación da Oficina da Enerxía e o cambio climático de Galicia.
- Fomentar a creación de Axencias locais da enerxía como un instrumento claro e vertebrador das políticas enerxéticas municipais como administración máis próxima á cidadanía.

2) Prioridade ó Transporte Público:

- Fomento do transporte colectivo: aumento de frecuencias, impulso do billete único nas áreas metropolitanas, potenciación dos trens de cercanías e da intermodalidade, recuperación dos tranvías como transporte urbano, comunicación do transporte colectivo cos aeroportos...
- Establecemento de plans de mobilidade en empresas e polígonos industriais.

3) Creación dun Plano de Loita contra la Contaminación Acústica.

4) Plan de Protección de la Contaminación Electromagnética. Se procederá ao soterramento ou desviación e illamento de todas as liñas que atravesen núcleos urbanos. Realización dun inventario de antenas de telefonía móbil, eliminando as existentes nas proximidades de zonas sensibles.

5) Transposición inmediata das Directivas relativas á calidade do aire e deseño dun plan integral de mellora da calidade do aire na Comunidade.

Espazos naturais e biodiversidade

Por desgraza, Galicia atópase na cola dos países europeos no referente a espazos naturais protexidos. Dende EU-IU somos conscientes de que a declaración dun espazo como protexido non é suficiente para evitar os perigos que a ameazan, polo que a nosa aposta vai encamiñada a unha verdadeira protección en aras a perpetuar a nosa riqueza natural. Así, propoñemos:

- Creación dunha Rede de Parques rexionais e Espacios naturais. Cun verdadeiro plan de xestión dos mesmos.
- Desenvolvemento da figura de protección de Monumento natural e de paisaxe protexida.
- Especial atención e coidado da costa e as rías. Moratoria dos recheos.
- Creación dunha gardería específica de espazos naturais.
- Política forestal que teña como obxectivo a preservación das especies autóctonas e limitación dos monocultivos de especies foráneas e loita contra os incendios.
- Promoción do cooperativismo e defensa dos montes en mancomún.
- EU-IU declara a súa oposición á comercialización de produtos alterados xeneticamente.
- Creación dunha Lei de acceso motorizado aos espazos naturais.
- Programas de protección e estudo das especies ameazadas partindo do Catálogo galego de especies ameazadas.
- Creación de corredores ecolóxicos.
- Reformar a Lei do Solo que, rompendo co modelo conceptual vixente, incida nos mecanismos de intervención pública na adquisición, xestión, promoción, e execución urbanística sobre o solo, nas cesións obrigatorias de propiedade, na protección do patrimonio e na conservación do rural e natural.
- Inventario de acuíferos e manantiais.
- Mapa de infraestruturas. Se queremos conservar o noso Patrimonio natural non podemos caer na improvisación e no localismo. É necesario desenvolver un mapa onde figuren as necesidades de infraestruturas e

localizalas alí onde o seu impacto ambiental sexa menor. O solo é un ben precioso e é a nosa obriga a súa xestión e conservación.

Residuos

EU-IU ten fundamente implantado no seu ideario as 3 erres: Reducción, Reutilización e Reciclaxe. Polo que dende sempre mantivo a súa oposición ao deseño de eliminación de RSU da Xunta de Galicia: A incineración e a utilización destes como combustible.

EU-IU propón:

- A promoción de envases non contaminantes.
- Reducción de residuos, Programa de Residuo Mínimo.
- Substitución do PVC.
- Abandono da política de residuos vixente

Participación cidadá

Dende EU-IU defendemos como modelo político o da democracia participativa, en materia ambiental é fundamental, con todas as voces coñecedoras das distintas cuestións que afectan ao medio:

- Potenciación do Consello de Medioambiente de Galicia.
- Implantación das Axendas 21 locais en todos os Concellos.
- Creación de Mesas e Foros de debate.

MULLER

Nos últimos catro anos a violencia, o desemprego, a pobreza, a discriminación racial e sexual en Galicia alcanzou lamentables cotas ante a indiferencia do goberno autonómico que non soubo ou non quixo dar desposta a estas problemáticas.

En Galicia o desemprego das mulleres segue a ser dobremente superior. O salario dunha muller galega é un 30% inferior ó dun home na mesma situación. Tres de cada catro contratos a tempo parcial son firmados por mulleres, temos as taxas máis altas de temporalidade e copamos os traballos dentro da economía sumerxida.

Os escasos servizos públicos están sendo eliminados ou privatizados, co que a posibilidade de incorporación das mulleres á vida laboral, profesional ou cultural atopa novas travas.

Son necesarias políticas efectivas para conseguir a independencia económica das mulleres. Estas deben priorizar a incorporación na igualdade de emprego e deben combater as causas estruturais da feminización da pobreza.

As políticas sanitarias preventivas seguen sen existir.

A violencia contra as mulleres evidenciou o tipo de concepción andocéntrica do xénero masculino e os xuíces, teóricamente destinados a impartir xustiza, aplícanos desde a idea de propiedade das leis para aplicalas contra as mulleres.

EU-IU presenta propostas para que, desde o Goberno Autonómico, se aposte polas medidas radicais de erradicación da discriminación por razón de xénero.

MULLER E SAÚDE

- Asistencia á saúde integral da muller con planos específicos, en centros debidamente equipados, incluíndo a asistencia preventiva.
- Programas específicos de saúde para mulleres maiores.
- Planeamento familiar.
- Garantir a práctica da I.V.E. en todos os hospitais da rede pública.
- Distribución da Ru-486 a través da rede pública sanitaria.
- Implantación en todos os centros de saúde de consultas xinecolóxicas. Así mesmo, instauración das mesmas nos centros penitenciarios con módulos de mulleres.
- Ampliación da rede de centros de orientación sexual, con atención específica a mulleres novas.
- Asesoramento sobre sexualidade e afectividade por medio dunha rede pública de centros de Planeamento Familiar. Campañas e programas de educación sexual para mulleres novas, con especial atención á prevención do embarazo non desexado.
- Garantir o financiamento de todos os métodos anticonceptivos, incluídos os de emerxencia, pola sanidade pública, adicando unha partida presupuestaria específica.
- Elaboración dun atlas sobre a saúde das mulleres en cada área de saúde para analizar e coñecer a situación específica e xeral das mulleres.
- Campañas de información e prevención sobre o cancro xenital e mamario, VIH, SIDA, etc.

- Programas específicos de saúde para mulleres maltratadas, prostituídas, toxicómanas.
- Realizar estudos sobre os riscos das substancias perxudiciais que poidan afectar no traballo á fertilidade das mulleres a curto, medio e longo prazo.
- Aplicación de cobertura da sanidade pública con todos os seus servizos ás mulleres en prisión e as mulleres inmigrantes.

MULLER E EMPREGO

- Plano de emprego específico para a muller.
- Instalar o principio fundamental de igual retribución para traballos de igual valor.
- Cursos para mulleres na procura de emprego, xa sexa por primeira vez ou paradas de longa duración, orientados a áreas con perspectivas laborais positivas.
- Reserva dunha porcentaxe para mulleres nos cursos de formación con carácter xeral promovidos polas entidades públicas.
- Formación e apoios públicos, fiscais e financeiros para cooperativas de mulleres e outras iniciativas de economía social.
- Regular as formas de contratación funcional e laboral de competencia autonómica.
- Campañas de sensibilización que promovan o reparto das tarefas domésticas, que permitan o acceso das mulleres ó traballo productivo en condición de igualdade e o uso do tempo libre.
- Libre acceso á titularidade da explotación agraria das mulleres labregas.
- Adaptación da lexislación laboral ás distintas realidades do marisqueo e ós distintos colectivos de mariscadoras. Así como o recoñecemento das enfermidades profesionais.
- Incluir a regulación do servizo doméstico no réxime xeral da Seguridade Social con todos os dereitos como traballadoras por conta allea.

MULLER E AS POLÍTICAS SOCIAIS

- Ordear o réxime de prestacións económicas establecendo un ingreso mínimo cidadán. Ata a consecución do mesmo débese modificar o SMI, tanto nas súas condicións como na cuantía, para atender todas as situacións de pobreza severa que se dan na Comunidade.
- Aprobación dun fondo de pensións, de carácter transitorio, para mulleres cabeza de familia, separadas ou divorciadas, que sufran impago da pensión acordada xudicialmente.
- Elaboración de medidas específicas de acceso ao mundo laboral para mulleres vítimas de malos tratos.
- Atención e medidas reinsertoras para as mulleres presas, con solucións eficaces para os fillos/as destas.
- Conservación dentro dos cárceres ó dereito de percibir pensións.
- Desenvolver programas destinados a atención de mulleres en situación de marxinación e exclusión social, con programas específicos para mulleres prostituídas. Ditas actuacións en ningún caso favorecerán nin

- lexitimarán, nin regulamentarán as actividades de aqueles que se lucran coa prostitución allea (proxenetas, clientes e traficantes).
- Programas de integración e desenvolvemento persoal en condicións de dignidade para mulleres inmigrantes, así como programas de formación laboral.
 - Creación de programas que faciliten a integración da muller emigrante retornada á vida laboral, social e económica.

MULLER E POLÍTICA INSTITUCIONAL

- Destinar o 5% do presuposto autonómico para as políticas dirixidas á muller e a igualdade de oportunidades.
- Creación de Fiscalías contra as agresións nos Tribunais Superiores de Xustiza a nivel autonómico. Esta Fiscalía encargaríase das denuncias de discriminación e violencia contra as mulleres, determinando as súas funcións e poñendo a súa disposición os medios necesarios para o desenvolvemento das mesmas.
- Garantir a asistencia integral das mulleres maltratadas que inclúa a asistencia xurídica de balde, asistencia letrada no turno de oficio e asistencia psicolóxica. Formando ademáis o personal letrado, sanitario, policial e asistencial para a súa atención.
- Eliminación da linguaxe sexista nos documentos oficiais.
- Garantir un salario de emerxencia a aquelas mulleres maltratadas dependentes economicamente do seu agresor.
- Apoio ó desenvolvemento e funcionamento do asociacionismo de mulleres.
- Creación dunha Adxuntía específica en discriminación de xénero na Institución do Valedor do Pobo.

MELLORA DA CALIDADE DE VIDA

- Programas de atención e coidado a personas maiores en centros de día e atención domiciliaria de axuda e coidado que faciliten as mulleres a incorporación o mundo laboral; así como, a continuidade no seu posto de traballo e o seu tempo de lecer.
- Aumento de residencias de maiores públicas, que podan atender as necesidades reais.
- Rede pública de comedores escolares.
- Escolas infantís públicas desde 0 a 3 anos e generalización das de 3 a 6 anos.
- Aumento dos servizos sociais.

MULLER E EDUCACIÓN

En materia de educación hai que elaborar e por en marcha programas de formación do profesorado, equipos directivos e psicopedagóxicos, con carácter xeneralizable, para conquistar:

- Unha revisión do currículo desde unha óptica global, revisando tanto os contados como as aptitudes e valores.

- Desenvolvemento de programas de formación cara á igualdade con fondos sociais das iniciativas comunitarias.
- Inclusión dunha materia de educación sexual, afectiva e comportamentos igualitarios desde a educación primaria.
- Eliminar dos libros de texto os modelos estereotipados que supoñan a superioridade dun sexo sobre o outro.

CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO

Ademáis das distintas medidas que de forma transversal van noutros puntos tanto do programa de muller como no resto do programa as seguintes son de inmediata execución:

- Pacto Autonómico contra a violencia de Xénero entre todas as forzas políticas no Parlamento Autonómico.
- Elaboración dun Plan Integral de Acción de Loita contra a Violencia de Xénero, con dotación económica específica dentro do presuposto autonómico, e onde participen, tanto na súa elaboración como no seu seguimento e avaliación, as organizacións feministas.
- Aumento da aplicación de medidas preventivas coma o “afastamento” ou “desterro”.
 - Paralización de todos os expedientes de extradición das mulleres prostituídas.
 - Coordinación autonómica das casas de acollida e creación dun protocolo de actuación “real” nos casos de violencia que coordine todas as administracións públicas, sobre todo nos casos nos que as mulleres perciban a RISGA e non haxa unha prestación similar.

MULLER E MUNDO RURAL

- Promoción da formación profesional agraria ás mulleres que queren incorporarse a esta actividade.
- Creación de redes de transporte que faciliten ás mulleres do rural a mobilidade e accesibilidade ós servizos, dada a dispersión dos núcleos de poboación. Potenciando así o desenvolvemento intercomarcal de recursos, centros e formación.
- Estatuto profesional de cotitularidade para as mulleres do mundo rural, e que podan así acceder as prestacións sociais.
- Extender unha rede de centros de información, orientación e asesoramento xurídico en zonas rurais, descentralizando estes servizos para que as mulleres podan ser atendidas ante os casos de maltrato.
- Creación de unidades de saúde para malos tratos nas zonas rurais, para que as mulleres agredidas podan ser atendidas de xeito integral, para a aportación de informes médicos e atención psicolóxica.

CULTURA E MEDIOS DE COMUNICACIÓN

Porque é un dereito inalienable e porque unha cidadanía sen cultura é fácilmente manipulable, EU-IU defende o libre acceso á cultura e aos medios de comunicación.

A política do goberno do PP limitou a participación democrática e o pluralismo informativo: EU-IU comprométese a impulsar unha política cultural de cambio, moderna, democrática, pluralista e participativa. Unha cultura de paz e solidariedade, que defenda os sinais da identidade galega e a diversidade cultural, nun entorno absolutamente respetuoso coas diferenzas; baseada no patrimonio do pasado, na memoria histórica e no coñecemento da sociedade da información. EU-IU comprométese a promover unha política de liberdade de expresión, sen censuras, sostida polo libre acceso da cidadanía aos bens culturais, aos medios de comunicación e ás tecnoloxías da información.

Neste marco programático, EU-IU pretende acadar os seguintes obxectivos:

--Defender a liberdade de expresión contra todo tipo de censura, explícita ou encoberta.

--Defender a transparencia das actividades do organismo autonómico correspondente, así como dos criterios empregados na política de subvencións, adquisicións e contratacións.

--Democratización dos medios de comunicación ao ser considerados como sectores de interese público.

--Xestión democrática das novas formas de comunicación.

--Potenciar a creación e a investigación artística, científica e técnica, adicando maiores recursos e establecendo unha relación non clientelar entre os poderes públicos e os creadores e investigadores.

--Creación de espazos (físicos e de comunicación) articuladores dos diferentes movementos culturais; desenvolvendo, ao mesmo tempo, políticas sectoriais de apoio á música, pintura, museos, cine, teatro, deportes... así como a potenciación de espazos de ocio e entretemento.

--Fomento da edición, tradución e difusión do libro. Levar a cabo unha campaña continuada do fomento da lectura. Desenvolver e potenciar as actuais bibliotecas públicas e incrementar o número de bibliotecas e mediotecas.

--Desenvolver unha política de promoción dos museos da Comunidade Autónoma, favorecendo as relacións e coproducións entre eles, e apoiando a súa proxección nacional e internacional.

--Subtitulación e audiodescripción dos programas de TV para permitir o acceso ás persoas xordas ou invidentes.

--Fomento da produción audiovisual propia: Creación do Instituto de Cine, como organismo público dotado de autonomía e medios. Desenvolvemento dunha política de relación e cooperación cas televisións de América Latina.

--Potenciar a actividade dos Consello da Cultura Galega e de todas as institucións encargadas de velar e difundir a cultura do noso pobo.

--Conservación, potenciación e difusión de noso patrimonio cultural e histórico.

--Integración da política cultural no modelo de cidade que propoñemos, achegando os barrios, comarcas rurais e parroquias nese desenvolvemento cultural.

--Promover a participación activa do conxunto dos cidadáns nesta política, superando a idea de que a cultura é unicamente un espectáculo para consumidores pasivos. Fronte o actual modelo de cultura-consumo, promover o modelo cultura-participación.

--Fomentar a cooperación entre a industria, a universidades e a sociedade. Incrementar os recursos de I+D.

--Traballar para que as novas tecnoloxías sexan un instrumento de progreso, liberdade e solidariedade. As actuais e futuras autopistas da comunicación deben ser públicas e gratuitas.

En suma, dende EU-IU reclamamos e defendemos e propoñemos máis tempo de ocio, e unha política cultural para todos/as, libre, democrática e gratuíta. Unha comunicación entendida como servizo público e o acceso efectivo dos cidadáns a unha información libre e plural.

**BOSQUE: RECURSOS HIDROLÓXICOS,
FORESTAIS, SUBSOLO E INDUSTRIAS DE
TRANSFORMACIÓN**

Despois do naufraxio do *Prestige* toda a cidadanía galega e española saíu ás rúas co berro de *¡Nunca Mais!* e a presión popular obrigou ao goberno galego a intervir, e a recoñecer o abandono no que todos os gobernos tiveron a Galicia. Pero se aquel feito puntual marca un cambio de rumbo, non deixa de ser un paradoxo que un feito reiterado coma os incendios forestais, danen a outra seña de identidade de Galicia, e non se vexan actuacións para que, polo menos, o chapapote do lume desapareza.

Para comprender a magnitude do problema que afecta a esta Comunidade basta dicir que, aínda que Galicia representa o 5,8% da superficie total de España, desde 1968 ata 1997 soportou o 45% dos incendios producidos en todas as comunidades; e que, cunha superficie forestal que supón, aproximadamente, o 16% da superficie forestal total de España, a superficie percorrida polo lume nesta Comunidade, durante o mesmo período, representa o 25% de toda España e o 26% da superficie arbolada queimada, entendendo, claro está, que a mesma superficie pode resultar afectada polo lume máis dunha vez.

Desde EU-IU denunciámos a actitude pasiva de todas as formacións políticas que, empregando o lume como arma electoral, son incapaces de presentar programas, nos que o tema sexa tratado con rigor, fronte á aplicación de propostas descoordinadas que tenden, as máis das veces, a perpetuar un proceso dilapidador de recursos.

Catro son os eixos de actuación que propón EU-IU.

1. A POBOACIÓN. DISPERSIÓN. USOS AGROGANDEIROS e RECURSOS HÍDRICOS.

Os aproveitamentos que ofrecían o monte e os recursos hídricos, con augas subterráneas a escasa profundidade, favoreceron una gran diseminación da poboación, sendo a auga subterránea aproveitada na súa meirande parte para usos de tipo puntual, doméstico e individual, ou con fins gandeiros.

O progresivo abandono do rural, xerado pola emigración, agravouse considerablemente debido á política agraria común da UE, dando lugar a unha profunda modificación en canto á distribución dos pequenos núcleos de poboación e no tocante aos usos agrogandeiros e forestais. As explotacións intensivas prescinden do esquilmo e realizan sondaxes para o subministro de auga subterránea para o gando, que non tolera doadamente o uso de auga clorada.

A situación orixina, por unha parte, a existencia de máis de 300.000 puntos de auga (incluíndo pozos e manantiais) dos que non chega ao millar os que están inventariados; pola outra, mantense no bosque unha gran cantidade de biomasa que favorece a rápida propagación dos incendios, e aparece un fenómeno novo: a contaminación das augas subterráneas con puríns, que se suma á que provén da existencia de pozos negros nas proximidades dos acuíferos.

Progresa tamén a contaminación das augas superficiais debida aos puríns xa citados, á que hai que engadir a provocada por pesticidas e herbicidas, mal empregados na agricultura, lisivias, lixo orgánico, procedente de incineradoras ou matadoiros, metais pesados coma o chumbo, etc. Pero quizais a máis importante, polo seu carácter continuo, é a provocada polos verquidos de augas residuais urbanas dos pequenos núcleos urbanos.

A todo isto hai que sumar a falta de estudos de detalle que permitan coñecer os recursos e reserva subterráneos, os tempos de renovación das augas e os posibles contaminantes.

A pesar de que Galicia é unha rexión con abundante pluviosidade, preséntanse problemas puntuais de abastecemento estival, cando unha boa parte dos municipios deficitarios podería mellorar o seu abastecemento urbano mediante a captación de augas subterráneas ou, polo menos, solventar problemas concretos e, en ocasións, de difícil solución a curto prazo.

EU-IU propón o seguinte:

- Paralización inmediata do Plan hidrolóxico Galicia-Costa, centrado case en exclusividade no aproveitamento hidroeléctrico.
- Realización de inventario das augas subterráneas situadas nas zonas en que existan explotacións intensivas, de vacuno, porcino e avícolas, e actuación enérxica contra a contaminación por puríns.
- Plan urxente de financiación I+D destinado a realización de inventario e investigación hidrolóxica centrado nos 19 distritos forestais, coa finalidade de aproveitar o emprego da auga na loita contra incendios (construción de depósitos, canalizacións, fontes, etc).
- Iniciar con urxencia os estudos hidrolóxicos completos no área Coruña-Ferrol (que abranguería os municipios de Arteixo, Culleredo, Oleiros, Cambre, Ares, Mugardos, Fene y Narón) e da Ría de Arousa nas súas dúas vertentes, coa finalidade de atopar solución ás deficiencias de abastecemento de auga potable.
- Impulsar, mediante planos de desenvolvemento do rural europeos, as actuacións inmediatas dos concellos, en orde a establecer o saneamento no rural.
- Elaboración dun novo Plan Hidrolóxico, respetuoso coa biodiversidade dos ríos e montes galegos.

2. OS APROVEITAMENTOS DO MONTE, A SÚA REPERCUSIÓN NO MEDIO AMBIENTE E NAS INDUSTRIAS DE TRANSFORMACIÓN

A concepción do monte na súa vertente produtiva deu lugar a unha repoboación desequilibrada e carente de planificación, potenciando as especies de crecemento rápido, empregando para iso de forma escura as subvencións da Unión Europea establecidas pola Política Agraria Comunitaria, en orde a forestar e reforestar as terras abandonadas, como consecuencia do cambio das explotacións gandeiras extensivas polas intensivas.

A estrutura da propiedade do monte, no que tan só un 3,3 % é público (un 63% pertence a particulares e un 32,9 % son Montes Vecinais en mancomún), serviu de coartada á Xunta para culpabilizar ante la opinión pública aos Montes Vecinais de Mancomún de ser os grandes responsables da política de reforestación con eucalipto e pino; cando a realidade é que os montes arbolados pertencentes a particulares representan o 81% do total de Galicia, fronte ao 15% del os MVMC. Redunda nesta afirmación a realidade de que as máis grandes plantacións de eucalipto están localizadas na provincia de A Coruña, sendo así que os montes Vecinais en Mancomún nesa provincia representan unicamente o 5,5% da extensión provincial.

A deixadez da Xunta, en canto ao labor de asesoramento técnico, fiscal, xurídico, de formación e fomento da silvicultura, respecto aos montes de mancomún, permitiu a acción de Silvanus, que, inicialmente destinada aos propietarios particulares (extensión media das propiedades 2,3 has.), foi introducíndose nos MVMC (extensión media 231 hs). As vías do consorcio e do convenio, tamén exercitadas polos Concellos e Diputacións cos MVMC, foron outras das canles empregadas para chegar á situación actual.

A produción de madeira de eucalipto, ao non estar planificada en relación á demanda, é aproveitada polos fragueiros, coñecedores da debilidade organizativa dos produtores, para xogar á baixa dando lugar a una importante baixa dos prezos, ou tratando de crear demanda artificial so pretexto de posibles implantacións de novas pasteiras.

Por outra banda, a carencia de madeiras nobres de produción propia, incrementa as importacións de madeiras procedentes dos bosques ecuatoriais americanos e africanos, cuxas talas contribúen de forma decisiva á ameaza que pende sobre os bosques primarios dos países situados nesa franxa. Esta carestía podería ter sido prevista, buscando o apoio nas CMVMC, e a solución deberá levarse a cabo de inmediato.

Urxe, polo tanto, afrontar de forma decidida unha repoboación equilibrada e planificada do monte combinando especies de crecemento rápido, e especies frondosas distintas do eucalipto (nogueiras, castiñeiros, carballos, cerdeiras, etc,), tanto nas plantacións destinadas á produción de madeira, como nas repoboacións ornamentais e ecolóxicas no monte .

É evidente que calquera proxecto que se realice sobre aproveitamento dos recursos forestais (nos seus aspectos protector, regulador, paisaxístico e produtivo) pasa por evitar os incendios forestais.

Os estudos sobre as causas dos incendios (en gran número intencionados), as razóns da súa rápida propagación, o crecemento invasivo das especies pirofitas activas (resisten moi ben as altas temperaturas, facilitan a expansión do lume e aumentan a súa reprodución incontrolada), a contribución da biomasa xerada sobre todo polos piñeirais e a que se abandona nos labores de tala, son aceptadas por todas as organizacións políticas.

Desde EU-IU cremos que a causa máis importante dos incendios é o cambio nos usos do monte, consecuencia da transformación e despoboación do medio rural, unha desacertada política de subvencións, como consecuencia da PAC, e o fatalismo das distintas administracións sobre a despoboación do territorio. É imposible acabar cos incendios se non se incentiva o uso del monte como fonte de traballo, de riqueza e de valor, e se non se invirte a tendencia despoboadora da Galicia non costeira.

Por iso propoñemos encher de contido aos 19 Distritos forestais:

1. Posta en marcha, cun carácter distinto ao que presidiu a súa formación, dos distritos forestais, fomentando progresivamente a prevención.
2. Ampliación de plantillas e equipamentos destinados a control e extinción de incendios.
3. Creación do Consello de Montes do Distrito con participación de representantes de propietarios de montes privados e as CMVMC.
4. Creación do servizo de asesoramento técnico, fiscal, contable e xurídico, con carácter gratuito para as CMVMC, que promoverá a constitución dos montes vecinais que aínda non están constituídos ou que ofrecen deficiencias organizativas.
5. Creación dunha unidade de inventario e prospectiva, coordinada polas escolas de Inxeniería de Montes, encargada de elaborar informes sobre a situación do monte do distrito en superficie, sinalando os aspectos paisaxísticos a recuperar e as existencias de arbolado actuais, e presentar propostas de actuación cara ao futuro.
6. Creación, se non existise, en cada distrito, dun centro de formación profesional destinado á familia “actividades agrarias”, nas especialidades de Traballos Forestais e Conservación do Medio natural, e Xestión e Organización dos Recursos Naturais e Paisaxísticos.
7. Promover a creación de cooperativas de parque de maquinaria forestal de cada distrito.
8. Oferta pública de emprego para contratación de persoal fixo-discontinuo destinado a limpeza de biomasa e acondicionamento de pistas.

Así mesmo, desde a Xunta

Incentivarase, fundamentalmente nas CMVMC, o cooperativismo, tanto para aproveitamento forestal como para outros recursos do monte.

Entre outros recursos distintos do forestal hai que sinalar os froitos (castaña, noz, frambuesa, etc), aqueles cuxa presenza e extracción contribúe de forma decisiva á obtención de madeira de calidade (a recollida de setas pode incrementar a produtividade dunha masa do *pino radiata* nun 30% cando nese monte se atopan *Boletus edulis*, *Lactarius deliciosus*, *Cantharellus cibarius* ou *Hidnum repandum*) ou a produción de mel.

Incentivar a creación de empresas transformadoras, e/ou distribuidoras, que xeren emprego directo no medio rural.

Outro aspecto de suma importancia do monte galego son as explotacións do subsolo, canteiras destinadas a materiais de construción, canteiras de granito e pizarra. A explotación destes recursos, non renovables, incrementouse ata extremos insospeitados dando lugar a un impacto paisaxístico impresionante e á proliferación de vertedoiros. Os enormes beneficios destas empresas, e o carácter non renovable destes recursos, esixen da Xunta o establecemento dun fondo de recuperación específico para o monte.

Establecer unha ecotasa paisaxística, destinada a un fondo de reserva, que estará en consonancia cos beneficios derivados do aproveitamento do subsolo (ex. o 2% do produto das vendas).

3. AS INDUSTRIAS DE TRANSFORMACIÓN DA MADEIRA

Un principio fundamental para o desenvolvemento e modernización do tecido produtivo será o da completitude dos procesos para acadar o maior valor engadido posible, coa creación de emprego de calidade, a minimización dos efectos degradantes da natureza e o compromiso de sostibilidade global.

- **Sector do moble.**
 - Creación do Instituto Tecnolóxico do Moble e empresas afíns, coa finalidade de impulsar o desenvolvemento das Pymes do sector, a formación, análise de mercados, cooperativismo, etc.
 - Creación das especialidades de Técnicos Superiores en Artes Plásticas e Deseño do moble, e Artes Plásticas e Deseño de Amoblamento.
 - Garantir que as importacións de madeira teñan a certificación forestal FSC, fronte á PEFC empregada nun número importante de países, entre os que se atopa España.
 - Creación dunha empresa mixta, Administración-cooperativa de Pymes do moeble- Cooperativas do monte (propietarios individuais e CMVMC) de produción de madeiras nobres destinadas á industria do moble, que permita o autoabastecemento dentro de 30 anos.

- **Sector da pasta de papel.**
 - Impulsar a creación de, polo menos, unha papeleira que peche o ciclo produtivo, tendendo a conseguir que, como mínimo, a metade de produción de pasta se transforme en Galicia. Impondo ás posibles industrias, de segunda transformación, os requisitos medioambientais esixidos para ter dereito á etiqueta ecolóxica: máximo aforro enerxético e mínimo consumo de auga.

- Creación dos ciclos formativos de técnicos en Procesos de Fabricación de Pasta e de Papel.
- Traslado inmediato de ELNOSA a unha distancia de seguridade dos núcleos de población.

4. DÉBEDA HISTÓRICA INDUSTRIAL E UBICACIÓN DE INDUSTRIAS ESTRATÉXICAS.

Desde EU-IU considérase que aquelas cidades que se viran obrigadas a ter no seu territorio empresas non desexadas, pero sen as cales non é posible acceder ás segundas transformacións dos recursos renovables, deben ter un carácter preferente nas inversións de grandes infraestruturas i equipamentos, tanto industriais como culturais.

A presenza dunha empresa como ENCE condicionou o crecemento de Pontevedra e o Plan Xeral de Ordenación Urbana, contaminou a Ría e puxo en risco a saúde dos pontevedreses.

Con independencia do que aconteza, EU-IU considera que Pontevedra debe ser indemnizada co que chamamos débeda histórica, converténdoa en referente da cultura da árbore, motor do desenvolvemento da industria do moble e centro formador de profesionais. Por iso, EU-IU propón:

- A creación do gran Museo Temático da Árbore, no que se aborden desde as distintas funcións do bosque, até as súas aplicacións industriais: desde o raión, ao celuloide, desde os cadaleitos ao papel; desde o rol do gando no bosque, até a apicultura e a industria das setas; desde un percorrido virtual pola Fraga do Eume e a Granxa de Ortigueira, até as consecuencias dos incendios.
- Ubicación en Pontevedra do Instituto Tecnolóxico do Moble e Empresas afíns; ciclos formativos de Técnicos en Procesos de Fabricación de Pasta e de Papel; Técnicos Superiores en Artes Plásticas e Deseño do moble, e Artes Plásticas e Deseño de Amoblamento. Implantación do segundo ciclo de Inxeniería de Montes.
- Creación do Instituto Provincial de Actividades silvícolas dos montes de Pontevedra.

SANIDADE

EU defende un Sistema Público de Saúde para toda a cidadanía, suficiente para cubrir as necesidades de promoción, prevención, asistencia e rehabilitación da poboación da CA de Galicia ou residente na nosa CA, xa que o Dereito á Saúde é un Dereito básico de todas as persoas.

1-Financiación Sanitaria

- Incremento do investimento ata equipararnos á media Europea
- Novo modelo de financiación, tendo en conta as especiais características da nosa CA con maior índice de envellecemento e de dispersión da poboación.

2- LISTAS DE ESPERA

A Lista de espera debe ser transparente, con información pública de criterios e prioridades.

Información real, mensual, da situación da Lista de espera na Área sanitaria.

Compromiso duns prazos máximos para intervencións quirúrxicas, primeiras consultas, exploracións complementarias e para pacientes de diagnóstico e tratamento que non admiten demora. Ditos prazos deberán consensuarse cos profesionais e constituírse unha comisión de seguimento, con participación dos/as usuarios.

Utilización plena dos recursos, mañá e tarde, sobre todo en especialidades máis masificadas.

Promover a DE dos/as profesionais ó Sistema público esixindo o cumprimento da Lei de Incompatibilidades.

3-Atención Primaria

EU considera esencial a Atención Primaria por ser a máis próxima á poboación e onde se resollen a maior parte dos seus problemas de saúde. É necesario incrementar os seus recursos tecnolóxicos e humanos para maximizar a súa capacidade resolutive e lograr un mínimo de 10 minutos por consulta.

- Dotaranse ós Centros de Saúde con recursos informáticos e de telemedicina.
- Existirán programas específicos de atención ó menor e á mocidade con labores de prevención (sexualidade, drogadición, educación sanitaria...).
- Programa para a muller, de atención ó embarazo e á menopausia, de contracepción, con gratuidade dos métodos anticonceptivos, prevención do cancro de cuello uterino e dereito ó aborto no Sistema Público e na súa área sanitaria, para o que a administración debe asegurar que na plantilla de ginecólogos/as existan facultativos/as que non se acollan á obxeción de conciencia.
- Garantir a todas as mulleres a posibilidade de anestesia epidural no parto.
- Programa específico para o manexo do/a paciente ancián.

- Programa para pacientes terminais en coordinación coas unidades de cuidados paliativos dos hospitais.
- Programa de saúde mental, con incremento dos seus recursos.
- Achegar a rehabilitación e a fisioterapia ós usuarios/as desde a Atención Primaria.

4-Atención Especializada

- Realizarase un estudio das necesidades esenciais de todos os hospitais de Galicia e de camas de crónicos, para adecuar as infraestructuras ás necesidades e para lograr a maior equidade entre os usuarios/as, disminuindo ó máximo a variabilidade entre os indicadores sanitarios nas distintas Áreas da nosa Comunidade.
- Incrementaranse as camas ata acadar ó menos os ratios medios do Estado.
- Mayor desenvolvemento da Ciruxía Maior Ambulatoria, Hospitalización a Domicilio e Unidades de Cuidados Paliativos.

5- Persoas Maiores:

- Realizarase un estudio Socio-Sanitario na nosa Comunidade, para tentar cubrir ó máximo as necesidades de dependencia, con Residencias de anciáns, Hospitais de Día e Servizos de Atención Domiciliaria de axuda e cuidado, o que facilitará a conciliación da vida laboral e familiar ás mulleres, case sempre as cuidadoras das persoas maiores, e permitirá crear postos de traballo no Sistema público.
- Frenarase a extensión de Residencias privadas, xa que non se crean como servizo público senón como negocio que selecciona, non ás persoas máis necesitadas senón ás de máis recursos.

6-Defensa del Sistema Sanitario Público

Desde EU rexeitamos frontalmente as manobras privatizadoras e de debilitamento do Sistema público. Desde o Parlamento esixiremos:

- A derogación da LOSGA (Lei de Ordenación Sanitaria de Galicia), que potencia as novas formas de xestión, como Entes ou fundacións sanitarias, crea a Rede de Hospitais de Utilización Pública, colocando ó mesmo nivel os hospitais públicos e os centros privados concertados cuxo fin é o lucro; ademais legaliza a cofinanciación por parte dos/as pacientes das enfermidades crónicas e a rehabilitación, o que incide de xeito especial nos pensionistas, con escasos recursos e con maiores problemas de saúde.
- Integramos as fundacións e paralizaremos as externalizacións do transporte sanitario e de outros servizos coa súa volta progresiva ó sistema público.
- O Apoio ó sistema sanitario público comenza desde dentro, polo que EU potenciará a adscrición al SNS do persoal funcionario da Xunta de Galicia.

Decálogo da Sanidade Pública:

1º) Debe **garantirse de xeito legal e con carácter de obrigado cumprimento, un máximo de espera de 90 días para intervencións cirúrxicas** programadas. En canto as **primeiras consultas e exploracións complementarias** o tempo máximo non será superior aos 30 días para as solicitadas pola **vía normal** e de **15 días** para as **preferentes**. Prantexamos unha excepción para doentes **de diagnóstico e tratamento “non demorable”** a quen se lle dará atención **en menos dunha semana. As consultas sucesivas axustaranse nos seus prazos según a indicación do facultativo** que faga a primeira valoración.

2º) As listas de espera deben ser totalmente **transparentes** e o cidadán disporá de **información puntual** e directa sobre a súa situación na mesma e os cambios coiunturais que se podan producir na súa situación.

3º) Cada comarca contará **co número preciso de Centros Residenciais Públicos como para cubrir as súas necesidades de dependencia**. Asemade garantirase unha **atención integral nos seus aspectos sanitario e social aos anciáns e discapacitados que residan nos domicilios particulares e apoio imprescindible para os seus coidadores**. Para elo deberán empregarse todos os recursos actuais do SERGAS e dos Concellos, incrementándoos se fose preciso cara un **novo prantexamento asistencial** que aborde a prevención e o tratamento precoz das súas patoloxías crónicas, supervise os tratamentos indicados e **evite** o actualmente excesivo, e moitas veces pouco útil, **tránsito polas consultas e urxencias dos hospitais**.

As actuais residencias privadas de anciáns deberaselle **esixir**, co apoio necesario dende a Sanidade Pública, **esta mesma pauta de actuación**.

4º) **Incrementaranse os recursos para a Atención Primaria** o necesario para garantir un **mínimo de 10 minutos** por doente e posibilitar a súa implicación na atención sociosanitaria.

5º) **Debe aumentarse a capacidade resolutiva da A.P.** tanto na súa vertente de consulta habitual como na de urxencias, dotando os PACs cos recursos tecnolóxicos necesarios (radioloxía e analítica básicas), e a imprescindible coordinación co 061 e os servizos hospitalarios de urxencia a través dunha maior utilización **dos recursos informáticos e de telemedicina**.

6º) Debe aumentarse a dotación de medios sanitarios de **transporte medicalizado** ate asegurar **a chegada** ao centro hospitalario que estea máis perto **en menos de 30 minutos** nos casos nos que sexa necesario.

7º) **Os hospitais deben funcionar a pleno rendimento mañán e tarde**. Non é de recibo un funcionamento só vespertino para as urxencias e actividade complementaria puntual non baseada en criterios de planeamento. As “peonadas” deben substituírse por unha Atención Continuada, xa que non pode entenderse un hospital como o noso con tempos de espera para consultas, probas diagnósticas e intervencións cirúrxicas moi por enriba do aceptable e unha actividade programada restrinxida ao horario de mañáns.

8º) **Deben incrementarse as camas hospitalarias para doentes agudos e crónicos ate acadar alomenos os ratios medios de España.** Darase prioridade na asignación de recursos a modernización das estruturas hospitalarias, co desenvolvemento da **Cirurgía Maior Ambulatoria, Consultas polivalentes de alta resolución, Hospitalización a Domicilio** con cobertura diaria e ámbito ampliado a todas as cabeceiras de comarca nas que sexa posible, **Unidades de Preingreso** para evitar as indignas condicións que de maneira habitual sofren os doentes na espera de cama nunha planta e **Unidades de Coidados Paliativos** que incluan nas súas prestacións asistenciais a atención domiciliaria dos doentes terminais – nos que non só deberían incluírse aos oncolóxicos - en coordinación coa HADO e Atención Primaria.

9º) Dada a situación de precariedade en todo tipo de dotacións nos aspectos de Saúde Mental, **deberían incrementarse os recursos humanos e materiais.** É necesario máis persoal nos centros de saúde mental, máis camas de agudos **cun diseño espacial axeitado e adaptado as patoloxías**, a habilitación de despachos e salas para terapia individual e grupal, de hospitais de día psiquiátricos, a potenciación dos servizos de HADO e rehabilitación, máis pisos protexidos...

Deberá establecerse **unha coordinación máis estreita** e estable cos **dispositivos de atención a drogodependencia e os centros asistidos xeriátricos e de dependencia.**

10º) É imprescindible que Ourense teña xa unha **Unidade de Hemodinámica operativa** e unha **Unidade de Radioterapia Oncolóxica** capaz de cubrir de xeito **integral** as necesidades dos pacientes ourensans sen necesidade de traslados a outras provincias. Debe garantirse a medio prazo **o dereito** dos doentes **a unha segunda opinión médica** acerca do diagnóstico e tratamento da súa enfermidade.

INMIGRACIÓN. Á CONQUISTA DA CIDADANÍA

Existe nos nosos días a errada consideración de que as persoas inmigrantes son necesariamente nómadas, que só teñen como expectativa de vida realizar un traballo –as máis das veces ingrato e sen protección social– durante un espazo de tempo relativamente curto e que, unha vez que o remate, voltará ou será devolto ao seu país de orixe sen máis compensación que o cansancio acumulado e as súas ilusións desfeitas. Mentres exista esta absurda visión, que é a que apoian e promulgan as políticas de inmigración europea e española, o fracaso das mesmas será incuestionable. A inmigración é sentida como un asunto de Estado. Coa normativa en vigor, as persoas inmigrantes son tratadas como mercadorías que unicamente poden vivir entre nós se traballan. Déixanse de lado o capital social e o humano, as bases que realmente permitirán a mestizaxe da sociedade do futuro.

No trasfondo deste pensamento lexislativo están filosofías de enxalzamento da propia identidade en detrimento do OUTRO ao que se considera factor de conflito e de tensión e causante dunha probable ruptura da identidade nacional. Os propios medios de comunicación desatenden o uso correcto da linguaxe e difunden imaxes e estereotipos que ancoran na poboación de acollida un trazo negativo da inmigración. Asistimos a un constante incremento de actitudes e discursos racistas que proveñen non só dos medios, senón das propias institucións.

Este racismo institucional maniféstase cando a nivel local non se demandan as axudas para facilitar a integración da poboación inmigrante; vése no enorme paradoxo do Goberno Central no tocante ás persoas inmigrantes “inexpulsables” que son mantidas en centros de internamento durante 40 días e logo trasladados a distintos aeroportos da Península cunha simple bolsa sanitaria. O racismo institucional maniféstase cando o Tratado Constitucional para a Unión Europea frea e controla ás persoas inmigrantes, négalles o estatus de asilo político, e convérteos en non-cidadáns.

Esta medida segregadora é hoxe moeda corrente en todos os países nos que fracasou estrepitosamente o modelo socialdemócrata ao intoxicarse co virus da doutrina neoliberal. Así, vemos como os fluxos de capital teñen vía libre –cada día vemos como por cada operación efectiva de compra-venda hai 60 operacións fraudulentas, de cálculos especulativos, branqueos e operacións destructivas de traballos–, mentres que os seres humanos se ven sometidos a unha liña de contención que “ghettiza” o mundo.

Curiosamente, os propios creadores da maquinaria dirán que hai que frear as persoas inmigrantes porque poñen en perigo o sistema de benestar estatal – a xente cando é manipulada acaba crendo que é verdade-. Pero saben perfectamente que quen destruiu e rompeu con todos os lazos sociais (afectivos, familiares, fidelidade empresario-traballador, a propia deflagración da relación entre sindicalismo e obreiro/a, etc...) foi a liberdade absoluta do capital e do neoliberalismo. Non foron nin son as persoas inmigrantes.

O sesgo racista maniféstase tamén cando se permite a dualidade ensino público vs. ensino concertado-privado no que se refire a aceptación de nenos e nenas inmigrantes. Igualmente, cando non se impiden, senón que se facilitan mediante un dirixismo sibilino, as concentracións en determinados centros educativos que contan xa coa etiqueta conceptual de “caixón de xastre”, sen que se dote de formación en interculturalidade aos educadores, sen que se concedan máis recursos humanos e materiais aos centros.

Polo tanto, para romper esta perigosa tendencia da sociedade actual, é necesario un cambio na xestión da inmigración desde unha óptica realmente social, integradora, intercultural e comprometida en facer de todos/as os/as habitantes cidadáns e cidadás de pleno dereito.

Por outra banda, **Galiza foi e segue sendo** (algúns cálculos elevan a case 60.000 os galegos e galegas que seguen emigrando cada ano –entre eles uns 1200 licenciados-) **un país emigrante** e, polo tanto, quen mellor ca este pobo para recoñecer todo o que implica un proceso de adaptación a un país distinto, as dificultades de comunicación, as diferenzas nas simples rutinas da vida cotiá. Galiza está no momento preciso para ir facendo ben as cousas coa poboación inmigrante. Podemos e debemos traballar para construír unha mensaxe de concordia e respecto.

Desde ESQUERDA UNIDA-IZQUIERDA UNIDA sempre denunciámos que o *Regulamento* actualmente en vigor é **un deficiente e inaxeitado parche dunha mala Lei de Estranxeiría** (Lei Orgánica 14/2003). EU-IU traballará para que esta Lei sexa derogada e para que se redixa unha auténtica Lei de Dereitos e Liberdades consensuada con todos os grupos políticos e cos axentes sociais implicados na integración das persoas inmigrantes. Neste sentido **o xogo do PSOE é paradoxal**: a actual Lei mantén os argumentos segregacionistas da anterior Lei (8/2000)...que foran impugnados polo propio PSOE (o reagrupamento familiar, por exemplo), e incorpora, como denuncia EU-IU, aspectos aínda máis limitativos e endurecedores (o Procedemento Administrativo, o padrón municipal, a negación do Dereito de Asilo, , etc.). As esperanzas dunha mellora social no que se refire aos avances nos dereitos da poboación inmigrante víronse esnaquizadas coa tendencia neoliberal do PSOE: os inmigrantes son simplemente man de obra (= produtividade = competitividade).

Esta tendencia neoliberal vése moi ben reflectida no proceso de “normalización” impulsado polo PSOE. Mal planificado e mal definido en todos os seus principais fundamentos, este proceso dá por sentado que o inmigrante é un traballador por conta allea..., que ten que estar a expensas da “vontade” de empregadores/as e empresarios/as (a renovación dos papeis está nas súas mans). A trampa está no feito de que é a continuidade da alta na Seguridade Social a única que poderá conceder a primeira renovación e sabemos, porque xa o temos denunciado, que en non poucas ocasións son os propios

traballadores e traballadoras os que pagan esta alta. A presión para manter o contrato, a expensas de moitas circunstancias alleas ao propio obreiro/a, permitirá e facilitará a sobrecarga do horario laboral e o silencio.

Tendo en conta a actuación do PP e do PSOE nesta materia non cabe máis resposta que esixir unha nova Lei de Estranxeiría. En calquera caso, ESQUERDA UNIDA-IZQUIERDA UNIDA loitará contra esta “legalizada” e consentida explotación obreira desde a súa posición de organización política de esquerdas, integradora, e alternativa...porque **outro mundo si é posible** e nel as persoas son o primeiro.

De forma paralela á procura dunha nova Lei, ESQUERDA UNIDA-IZQUIERDA UNIDA considera prioritario o cumprimento das seguintes actuacións:

- O primeiro que fará ESQUERDA UNIDA-IZQUIERDA UNIDA será reclamar e esixir do Goberno Central que cumpra coa súa obriga de **conceder máis recursos para a xestión da inmigración en Galiza**. Os verdadeiros xestores dos fenómenos migratorios son os concellos. Por iso, en ligazón con esta petición, estableceremos as canles axeitadas para asegurar o equilibrio orzamentario e os recursos precisos entre os distintos concellos para garantir unha correcta xestión da inmigración.
- Estableceremos mecanismos de dignificación e recoñecemento social a través do desenvolvemento do movemento asociativo. Buscaremos ampliar os espazos de participación na vida da localidade e do barrio no que están instalados e constrúen o seu proxecto de vida as persoas inmigrantes. Neste sentido a interacción e a simbiose entre as asociacións de veciños e as asociacións de inmigrantes será fundamental. Para nós un **proceso regular de recoñecemento** (laboral, social, cultural, ...) debe ser o camiño para lograr a regularización, e non un proceso excepcional ou extraordinario, que sempre deixará a moitas persoas a expensas do medo, da explotación e da clandestinidade.
- Xestionaremos dunha forma clara a actuación da *Dirección Xeral de Inmigración* (funcións especificadas no Decreto 274/2004, 18 de novembro, polo que se desenvolve a estrutura orgánica da Consellería da Inmigración) para que sexa non só o máximo órgano regulador da política social, cultural e formativo das axudas a nivel autonómico, senón tamén o interlocutor constante dos distintos axentes sociais implicados no proceso de integración da persoas inmigrantes.

A claridade dos criterios atenderá ao requisito de non crear distintas formas de medir as necesidades, dereitos e deberes da poboación inmigrante. Todos e todas teñen que contar coa mesma representación, axuda e protección social por parte dos distintos servizos públicos de Galiza. Consideramos, de forma contraria ao que postula a Xunta de Galicia, que é necesario abrir oficinas provinciais para artellar con máis eficacia o proceso de apoio, asistencia e asesoramento.

A estes efectos consideramos necesario separar o estatuto do retornado do de inmigración. O retornado é ante todo galego e español, polo que xestionaríamos un organismo dentro da Consellería de Emigración separado da Dirección Xeral de Inmigración dedicado á atención do emigrante que decide voltar a Galiza cun programa independente de axudas.

- Por iso, esta *Dirección Xeral de Inmigración* supervisará, controlará a claridade do proceso na concesión dunha batería de axudas (que afectan aos eidos de acción social, representación xurídica, vivenda, emprego, saúde, ocio e participación cidadá) que desenvolveremos para que a integración das persoas inmigrantes sexa unha realidade. Os garantes das mesmas serán os propios concellos onde deberá impulsarse a creación de *Consellos Municipais para a Integración das Persoas Inmigrantes* que velarán en última instancia pola correcta aplicación das medidas de integración.
- Melloraremos a dotación (persoal especializado, recursos económicos e materiais) das distintas oficinas de inmigración abertas no territorio galego e axilizaremos as canles de comunicación entre estas oficinas, as asociacións de inmigrantes e os propios *Consellos Municipais para a Integración das Persoas Inmigrantes*.
- Será preciso mellorar a posta en marcha do *Observatorio Galego da Inmigración e da Loita contra o Racismo e a Xenofobia* e incluso reformular o regulamento do seu funcionamento (Decreto 78/2004, do 2 de abril. DOGA nº 78, 23 de abril de 2004), xa que o Observatorio leva en marcha un ano e aínda non escoitamos case ningunha das súas “observacións”...a non ser números e frías estatísticas descontextualizadas.
- Será prioritario axilizar todos os trámites e requisitos administrativos para que unha persoa poda conseguir o seu obxectivo de definir o seu proxecto de vida. De aí que traballaremos para que a tramitación dos permisos de traballo e residencia e a súa renovación sexan máis sinxelos.
- Presionaremos ao Goberno Central para que modifique a súa postura sobre o reagrupamento familiar das persoas inmigrantes en situación regularizada. Debería ser automático no caso de conxúxes, fillos e fillas, e netos e netas de persoas que retornan.
- Prestaremos especial atención ao colectivo da muller en consonancia co programa de paridade e igualdade de sexos de ESQUERDA UNIDIZQUIERDA UNIDA.
- Traballaremos para que o sistema do continxente sexa flexible e aberto todo o ano en función das necesidades constantes e reais do mercado laboral galego.

- Recoñeceremos o dereito ao sufraxio activo e pasivo a toda persoa inmigrante que resida en Galiza (dous anos de habitabilidade para as eleccións municipais; tres para as Autonómicas e Estatais). A verdadeira cidadanía exerceuse na participación democrática: votar na localidade, autonomía ou estado no que se está construíndo o novo proxecto de vida é un dos piares esenciais do noso programa.
- Negaremos o uso do padrón municipal para usos policiais.

Sanidade

- Será unha das tarefas de EU-IU garantir a asistencia sanitaria a todas as persoas inmigrantes, dispoñan ou non dunha situación administrativa regularizada, xa que esa é a filosofía de calquera sistema de sanidade público.

Educación

- En contra da política educativa empregada até o de agora, de claro corte reaccionario (PP, *LOCE*) ou de estilo dubitativo e contradictorio (PSOE, *LOE*), cómpre un sistema educativo integrador de verdade, atento ás necesidades do alumnado inmigrante.
- Por iso, traballaremos para conseguir que a interculturalidade sexa algo máis que un recurso retórico, que sexa unha realidade no sistema educativo galego, integrada nos distintos niveis curriculares e contextualizada (con recursos, cursos de formación e orzamentos) ás necesidades reais de cada centro educativo.
- Desenvolveremos nos establecementos educativos **plans de acollida** a alumnos e alumnas inmigrantes que respondan aos obxectivos de conseguir unha pausada integración ao sistema socio-educativo galego. O sistema de **aulas de enlace** levado a cabo nalgunhas comunidades revela que son e serán unha necesidade básica e unha resposta axeitada do noso sistema educativo á crecente chegada de mozos e mozas educados noutros sistemas escolares.
- Os plans de acollida contemplarán como medida complementaria a actuación educativa (cursos de lingua e cultura galegas e española), informativa (coñecemento do medio, posibilidades de ocio, ofertas laborais) e incluso asistencial (presenza dos Servizos Sociais) cos pais e nais dos nenos e nenas inmigrantes.

Comunicación

Traballaremos para que se elabore un Protocolo consensuado cos medios de comunicación para o tratamento informativo de todo o que afecta á poboación inmigrante.

EDUCACIÓN

Tras o paso do PP polo goberno do Estado o ámbito da educación padeceu unha notable regresión mediante unha panoplia legal (LOU, Lei de Cualificacións e da Formación Profesional, LOCE, a anunciada LOE), que facilitou un proceso de metástase da rede concertada a costa da escola pública, e en xeral da perda de peso dos investimentos en educación en relación ao PIB e ás necesidades reais dun sistema educativo que para nós ten que proporcionar coñecementos, capacidades críticas e ser un mecanismo de igualación social.

EU-IU entende que hoxe é posible desenvolver unha acción social e lexislativa que revirta a situación actual e permita avanzar propostas a favor dun ensino público, científico, democrático e participativo, laico e coeducativo, isto é, unha ferramenta para acadar a igualdade social.

Eixos deste ensino serían a centralidade da escola pública para garantir unha educación para tod@s. O desenvolvemento dunha serie de medidas de calidade para a igualdade no sistema educativo, o que supón non só a equidade no acceso á educación, senón no proceso educativo e na súa culminación, mediante o emprego diferenciado dos recursos, ao poner máis onde máis se necesitan (redución de ratios, atención a diversidade, medidas de compensación educativa, o estudio asistido, a apertura de centros fóra do horario escolar, o papel das bibliotecas, as aulas multimedia...). Un marco legal que favoreza unha praxe democrática e participativa nos centros de ensino. A defensa dunha escola pública laica. A defensa e recoñecemento dos traballador@s que participan na educación, e en particular do profesorado. Un ensino comprometido coa lingua galega, co seu coftecemento, emprego e difusión e que elabore un plano de galeguización do ensino e o cumprimento rigoroso do decreto 247/1995 que regula o emprego da nosa lingua.

Ensino infantil. Saudamos que esta etapa recupere o carácter plenamente educativo, pero seméllanos enganoso anotar a gratuidade do segundo ciclo, porque serve de ponte para xeneralizar os concertos neste tramo. A gratuidade do segundo ciclo é xa un feito na escola pública, entón chegaría con declarar de oferta obrigatoria para os poderes públicos e que se teña que atender toda a demanda existente na rede pública, camiño de converter este ciclo en obrigatorio. Nós propoñemos a redución da ratio a 15 alumn@s por unidade e a gratuidade dos servizos de transporte e comedor. Cando aínda non é obrigatorio o segundo ciclo, non parece acertado incorporar no currículo da etapa contados (lectoescritura, idioma estranxeiro, emprego do ordenador) que somentes agudizarán as desigualdades de partida dos nen@s. A etapa infantil ten os seus propios obxectivos e o seu currículo tense que facer sobre a base das capacidades correspondentes a eses obxectivos, non en función das aprendizaxes da etapa seguinte.

Medidas de prevención do fracaso escolar no ensino obrigatorio. EU-IU entende que resulta fundamental o establecemento dos marcos básicos de atención á diversidade, a concretar en cada centro segundo as características e necesidades do alumnado propio. Defendemos unha redución xeral das ratios a 20 alumn@s, cunha rebaixa a 15 alumn@s cando exista alumnado de integración ou compensatoria.

Compartimos a eliminación dos itinerarios e a recuperación dos programas de diversificación curricular. Parécenos acertado reagrupar na ESO as materias en áreas máis globais, tal como se fai en Primaria. Resulta necesario que as áreas susceptibles de desdobre non se acorden de xeito apriorístico e ríxido, que non se limiten ás matemáticas e á lingua estranxeira.

O desenvolvemento dun planeamento de medidas de carácter compensatorio é fundamental para corrixir as desigualdades e favorecer ao alumnado con independencia da súa situación de clase e orixe: identificación de áreas/centros de atención educativa preferente que se beneficiarían dunha dotación específica de profesorado de apoio e de recursos materiais, redución das ratios a 15 alumn@s, igualmente programas de colaboración cos servizos sociais municipais. Irrenunciábeis para nós son: a apertura dos centros fóra do horario escolar para desenvolver o estudo asistido; os planos de acollida e aprendizaxe lingüística para o alumnado inmigrante; o emprego das bibliotecas/ mediatecas escolares, cun plano nacional para artellar as bibliotecas escolares nunha rede que permita o uso didáctico das mesmas, a súa dotación con fondos actualizados e a súa conversión nun espazo habitual na vida do alumnado. Nunha sociedade que desexe educar no valor da pluralidade, o fenómeno inmigratorio esixe o desenvolvemento a nivel nacional, de distrito escolar e de centro dunha programación intercultural permanente.

Aprobación dun plano galego de extensión dos servizos complementarios de transporte e comedor, que obrigue á Xunta de Galicia a súa prestación, en canto integrantes do dereito á educación.

Cando aínda o Ministerio non resolveu con claridade qué diferencias o separan da LOCE, cando hai vacilacións e claudicacións, EU-IU entende que hai unha maioría social e parlamentaria para ir a unha Lei de bases que inclúa e actualice a totalidade dos aspectos dispersos ao longo das diferentes leis educativas desde a LODE en adiante. Unha lei educativa que conleve unha lei xemelga, a Lei de financiamento do sistema educativo que permita cumprir o recollido na disposición adicional terceira da LOXSE, isto é, acadar a equiparación do gasto educativo á media dos países da UE (6-7% PIB, contra o 4.4% actual), xunto aos mecanismos de compensación interterritorial correctores das desigualdades na súa prestación.

Relacións familia-escola. A nosa sociedade padece as taxas máis elevadas de temporalidade do Estado, o cal non pode deixar de ter influencia - negativa -na atención que as nais e pais poden adicar os seus fill@s. EU-IU entende que sería máis efectivo cualificar as actividades de formación en relación a escola das nais e pais co carácter de deber público inexcusable.

Linguas estranxeiras. Nós defendemos en especial a redución drástica das ratios e uns horarios máis intensivos, 4-5 clases semanais.

Formación Profesional. Indeclinable ha ser o noso compromiso de derogar a Lei 5/2002 das Cualificacións e a Formación Profesional. Esta lei ignora as cuestións curriculares e pedagóxicas, renuente a unha xestión e participación democráticas, carente de financiamento e invasora das competencias autonómicas. Unha lei que avanzou cara á privatización deste ámbito educativo mediante o expediente de restrinxir a implantación de módulos públicos e permitir a empresas e academias privadas cubrir ese baleiro; privatizadora ao equiparar a validez das cualificacións obtidas no traballo respecto á titulación académica. EU-IU defenderá un plan que coordene e integre os tres subsistemas da Formación Profesional. Así mesmo co incremento da oferta de ciclos formativos pola escola pública até atender a totalidade da demanda, cun reparto dos módulos en atención á realidade económica e social do país.

Creación dos campus da Formación Profesional Superior. Os ciclos formativos de grao superior que se impartan nos distritos educativos artellaranse arredor dos sete campus universitarios. En cada campus crearanse Centros de Formación Profesional Específica: IES que requiren instalacións especiais (imaxe e son, artes gráficas, textil, confección e pel, saúde, química...); a tecnoloxía que necesitan para realizar a súa función posibilita o seu uso nas distintas especialidades e se desenvolve en contextos de rápidos cambios técnicos; han poder ofertar todas as especialidades da familia correspondente, e calquera especialidade poderá ser suprimida polo Consello da Formación Profesional atendendo as realidades do tecido produtivo e a demanda social; non impartirán a ESO. En cada campus establecerase un Consello da Formación Profesional Superior no que estarán representados os órganos rectores do campus, sindicatos, empresarios e Administración Pública.

Bacharelato. EU-IU vai defender un incremento orzamentario (plantilla laboral e profesorado, infraestruturas e bolsas) que garanta o acceso en condicións de igualdade aos estudos de bacharelato con independencia do lugar de residencia. En todas as comarcas impartiranse as diferentes modalidades (científico, tecnolóxico e humanístico). En canto ao artístico habilitaranse as axudas que permitan ao alumnado acceder a este.

Nós defenderemos a redución das ratios a 30 alumn@s. EU-IU entende que a administración educativa ten a obriga de garantir a posibilidade de cursar as

optativas máis ala de número de demandantes, asignaturas que poden ser claves para estudos posteriores ou números mínimos ser insalvables no ámbito rural.

EU-IU propón a eliminación da selectividade para o alumnado do ensino público.

Escola pública laica. EU-IU entende que a escola é un lugar para o saber e non para a crenza e, xa que logo, un posición laica consecuente obriga a denunciar os acordos co Estado Vaticano. Mentres non se revise o vixente acordo sobre ensino e asuntos culturais, EU-IU defende que a materia de relixión quede fóra do currículo e do horario escolar e, en salvagarda do artigo 16-2 da Constitución española, que non conste na documentación oficial d@ alumn@ referencia algunha a tela cursado ou non. Aínda que esta cuestión excede as competencias da Xunta, o goberno galego pode actuar para conformar unha posición a nivel estatal de signo laico.

Ensinanzas artísticas. Parécenos necesario saldar unha debéda secular con estas disciplinas. É como se o Estado e a Xunta -atento só ao seu primixenio carácter de clase- non tivese interese algún en ámbitos que entenden (entendemento caduco e reduccionista) supérfluos á hora de instruír a forza de traballo do futuro; e doutra banda, limitar de xeito clasista o acceso a esta educación, limitación que deriva do abandono ao sector privado e a falla de investimentos públicos. EU-IU defenderá a creación dunha rede de centros integrados de ensinanzas artísticas, a elaboración dos deseños curriculares e máis unha política específica de bolsas para garantir o acceso a todo o estudiantado.

Rede de centros. A nosa proposta pasa polo consideración central dun ensino público protagonista, ensino público que é o necargado de facer efectivo o dereito fundamental e constitucional á educación a exercer por tod@s, en condicións de igualdade, pluralidade, respecto á diferenza e participación democrática. En consonancia co referido, EU-IU traballará arreo para revisar a actual política de concertos, revisión que nós fundamentamos no artigo 27 da Constitución, que obriga aos poderes públicos a garantir o dereito de tod@s á educación, mediante unha programación xeral do ensino e a creación de centros docentes. Criterios desta revisión serán:

- Garantir mediante unha programación do ensino e unha política de construción de centros escolares o dereito á educación de tod@s na rede de titularidade pública.
- Manter os concertos educativos en función das necesidades de escolarización de cada zona e respetando o carácter orixinal dos mesmos: transitoriedade e subsidiariedade. Non concertar máis unidades onde haxa prazas públicas suficientes. E suprimir os concertos que incumpran as condicións seguintes: igualdade nas condicións de escolarización do alumnado; igualdade na participación e na xestión dos

centros sostidos con fondos públicos; coeducación; igualdade nas condicións laborais e de acceso de todo@s os que traballen neses centros.

- Fixar medidas que posibiliten a incorporación voluntaria dos centros concertados na rede de titularidade pública garantindo a continuidade de alumnado e traballador@s.

Escola rural. O habitat poboacional galego require dun tratamento educativo específico que permita a escolarización na etapa obligatoria no entorno vital do alumn@.

Participación e dirección. Os consellos escolares deben recuperar o papel de máximos órganos de goberno e participación que a LOCE lles negou. Os claustros deben tamén recuperar capacidade decisoria no eido pedagóxico, nomeadamente na concreción do currículo á realidade de cada centro. En xeral os cargos elixíranse por elección democrática, equipos de dirección e xefaturas de departamento.

Para EU-IU hai que inxerir esta autonomía noutras instancias intermedias (de ámbito municipal e comarcal), o que chamamos distrito educativo. Neste ámbito o consello escolar de distrito podería acordar no que atinxiría á oferta educativa, concrecións auriculares, formas de organización, gracias ao coñecemento da realidade social que envolve aos centros, gracias á participación do conxunto da sociedade, e mediante unha praxe de colaboración e cooperación, antagónica cos modelos de xestión empresarial que se agochan trala autonomía económica de cada centro que propugnan as políticas da dereita.

Avaliación. Resulta necesaria unha avaliación interna e externa. No que atinxe ao control dos centros sostidos con cartos públicos, as administracións garantirán que desenvolvan a súa actividade en condicións de igualdade, sobre todo no que se refire á escolarización do alumnado, xestión democrática, control social dos fondos públicos e condicións laborais e de acceso ao profesorado.

Por outra banda, a avaliación diagnóstica de todo o alumnado podería condicionar todo o proceso e ritmo da aprendizaxe, devaluando o proceso de ensinanza-aprendizaxe, en troques, mera preparación para a superación dunhas probas. Nós entendemos que o equipo profesoral coa asesoría do departamento de orientación e os profesionais dos programas de apoio terían mellor posibilidade de avaliar de xeito individual a cada alumn@.

Profesorado. EU-IU apoia a negociación dun estatuto da función pública educativa cos sindicatos e as comunidades autónomas.

Nós defendemos a creación do corpo único docente, mediante unha formación inicial con nivel de licenciatura para tod@s @s docentes, formación que inclúa unha ampla capacitación psicopedagóxica e didáctica.

Sen ánimo exhaustivo, reclamamos a xornada laboral de 35 horas semanais, cunha carga lectiva que non exceda as 18 horas; as reducións voluntarias de xornada aos 55 anos, a ampliación do permiso de maternidade e a creación do de paternidade... todo nun contexto novo, onde se garanta a extensión e estabilidade das plantillas (hoxe cun nivel de precariedade ao redor do 20%).

Sistema universitario galega. EU-IU defende unha universidade pública galega de calidade para un dobre cometido: que sexa ferramenta de coñecemento e investigación, e mecanismo para a igualación social.

A universidade galega require unha visión unitaria do país, que fuxa dos localismos que presiden cada debate sobre titulacións. Estas teñen que repartirse territorialmente desde esa perspectiva integradora e solidaria, que coñece a realidade social e económica de Galicia, e que, por exemplo, resulta máis económico desprazar ao alumnado que duplicar - con mengua da calidade - as titulacións.

EU-IU defenderá un plano de investimentos que permita acadar os niveis de financiamento por alumno europeos, como requisito para mellorar a vida material deste país. O Consello Económico e Social emitiu en 2004 un informe devastador sobre a infradotación orzamentaría que atenaza ao sistema universitaria galega. Hai unha realción directa entre a excelencia universitaria e os recursos públicos adicados. Importante para achegármonos a unha converxencia real con Europa é acadar os niveis de financiamento por alumn@ e en I+D e investigadores.

Opoñémonos ás tendencias privatizadoras que dende o informe Bricall até Bolonia voan e añidan na universidade (externalización de servizos, maior carga económica sobre o propio alumnado en forma de matrícula, recorte de servizos de residencia, comedor, onerosos cursos de posgrao, etc..).

Para EU-IU é unha prioridade a esixencia dun planeamento social no que atinxe ás bolsas das axudas económicas (o informe Bricall cifraba que só o 17% do noso alumnado acadaba unha bolsa, fronte a unha media do 75 % na UE). A consellería terá que recuperar unha convocatoria específica complementaria da do MEC; outra convocatoria que permita cursar estudos fora de Galicia cunha dotación que sexa realmente suficiente; terá que elaborar xunto a consellería de vivenda e aos concellos un plano de vivenda en aluguer para o estudiantado. A extensión da oferta de prazas de residencia e becas de comedor alómenos ao nivel de Santiago e no horizonte da legislatura de cubrir toda a demanda baseada nas necesidades

obxectivas. Aínda é hoxe o día en que as estatísticas oficiais só 1 de cada 4 fill@s de clase obreira vai a universidade, contra 3 de cada 4 nas ringleiras da burguesía.

Demandaremos un plano de extensión e consolidación do galego na universidade galega, con equipas específicas e dotacións orzamentarias que o respalden.

URBANISMO E VIVENDA

Basta dirixir unha mirada arredor: *cada vez constrúese máis, para menos xente*. A edificación é actualmente a actividade fundamental, o motor da economía. Edifícase tanto como no conxunto de varios países europeos, pero moita xente, en particular os xoves, non teñen acceso á vivenda. ¿A qué se destinan tantos pisos valeiros? A resposta é sinxela: *constitúen un modo de atesoramento*.

Especular con bens de primeira necesidade é a *fonte óptima de acumulación* para o capital. O mercado regula o prezo en bens *prescindibles* e con *oferta ampliable*, porque se sobran baia a demanda e medra a oferta ata estabilizar o prezo. Pero en bens *imprescindibles* a demanda non pode caer por debaixo do mínimo vital. Se ademais *a oferta é limitada* e non pode medrar infinitamente, danse as condicións para que o prezo acade sempre o máximo que poida soportar o comprador.

Se a oferta de vivendas non semella ter límite é porque a súa demanda é elástica: o comprador especulativo non deixa de mercar pisos porque xa teña, non un, senón varios. A edificación *non está destinada a satisfacer unha necesidade*, senón unha demanda especulativa.

Por iso o mercado nunca debe regular o prezo dos bens de primeira necesidade, caso do *solo edificable*, porque a súa superficie é limitada e a vivenda é imprescindible. Unha política liberal que sustrae ó control público o solo e o prezo da vivenda sustrae tamén ó comprador, e no caso de aluguer ó inquilino, todo o excedente das súas rendas. Oferta e demanda inflexibles suben o prezo ata o límite de pagar todo o que se poida. Os actuais tipos de interés baixos, fan as hipotecas máis accesibles pero non alivian as débedas do que paga: só as reparten doutro xeito entre o especulador e o banco.

Por esta razón, a idea do goberno do PSOE de diminuír aínda máis a superficie permitida en vivendas non vai abaratalas proporcionalmente á súa superficie, senón encarecelas relativamente, sempre co único límite real da *posibilidade de pagar*.

Este mercado é un xeito de atesorar, fronte á *volatilidade* do financeiro debida ó libre movemento dos capitais. O diñeiro acumúlase en forma de bens que non baixen de prezo; dos valores inmobiliarios agárdase que, no peor dos casos, non se derrumben. Son bens *inmóbles*, seguros mentras exista Rexistro da Propiedade, que ninguén pode roubar e levarse consigo. O capital reposa en forma de ladrillos e cemento.

Pero como este mercado se basea no endeudamento ata o límite, a sempre posible suba dos tipos de xuro pode facer inviable o pago, producindo unha cadea de vendas forzosas que destrozarían o sistema, e con el a vida de miles de persoas.

O solo segue sometido a certo control público, ó fixar os seus usos o planeamento. Os apóstolos do sistema queren desregular de todo os mecanismos de control. Argumentan que eliminar as proteccións da maior parte do solo, permitindo a edificación sen trabas aumentaría tanto a oferta que a vivenda se abarataría. O real é que a especulación segue absorbindo a oferta sen baixada de prezos.

O planeamento que se está facendo diríxeo o interés do capital. Así, nunha cidade como Vigo el novo Plan Xeral proxecta extender o solo

urbanizable a casi todo o municipio, cunha superficie capaz para duplicar a poboación e con grandes infraestructuras, precisamente cando a poboación non está aumentando. O que queren non é edificalo todo, senón ter *marxe de maniobra*.

A liberalización do solo suprime a protección debida ós mellores solos agrícolas e forestais e ás paraxes naturais, e causa enormes disfuncións nas redes de comunicación e distribución de todo tipo. Solos desexables, zonas céntricas e ben comunicadas, paraxes privilegiadas, seguirían tendo un prezo elevado, porque a súa superficie non se pode estirar. O procedemento consolida e agrava a segregación xeográfica das poboacións segundo o seu nivel de renda. Os máis desfavorecidos son expulsados a lugares inhóspitos, lonxanos e perigosos, como pasa no chamado terceiro mundo, onde os máis probes sucumben por inundacións ou correntes de terras, ó asentarse onde non foron libres de elixir.

O dominio privado do solo presiona ó planeamento cara crecementos urbanos orientados a obter superbeneficios. Sen mecanismos de *participación democrática* no Plan e na súa xestión, esa presión tradúcese en corrupción xeralizada: o cidadán elixe ós cargos públicos para que outros os compren e poñan ó seu servizo.

Políticos do Partido Popular, e nalgúns casos do PSOE, manteñen lazos privilexiados con especuladores notorios, como descubriu o escándalo da Asamblea de Madrid.

En Galicia, no mellor dos casos, os municipios deixan, pola súa incapacidade na xestión, a iniciativa en mans privadas; e en casos peores son coñecidas as relacións de certos alcaldes con grandes empresas do sector, cando non a súa participación como socios principais nesas empresas.

A falla de solo público por imprevisión e falla de xestión municipal impide construír vivendas económicas, pero tamén causa outros moitos danos. En ocasións créase solo industrial en montes, que se perden para un racional uso forestal, e que están mal comunicadas; ou en recheos de marismas ou terreos gañados ó mar, polo simple feito de que non hai que pagalas en diñeiro, senón “só” en dano ecolóxico.

Unha política de rescate e potenciación do público e de xestión transparente debería comenzar coa toma dalgunhas medidas urxentes, do tipo das que propoñemos:

- Potenciación do planeamento a todos os niveis, comenzando por un Plan Director Territorial para Galicia que marcaría as grandes directrices de actuación estratéxica, ás que se subordinarían necesariamente os plans comarcais e municipais.
- Unha decidida política fiscal, que grave directamente os beneficios das operacións inmobiliarias. Os ingresos destinaríanse obrigadamente a financiar os sistemas xerais previstos polo planeamento.
- Creación de órganos colexiados de xestión do urbanismo con participación de todas as forzas políticas e sindicais e de outras

organizacións sociais. Estes órganos estarían obrigados por lei a dar publicidade ás súas deliberacións e acordos.

- Fomento da *cultura urbanística*, cimentada no coñecemento das súas bases ecolóxicas, económicas e sociais. Os estudos económicos de todo tipo valorarían, mediante a súa inclusión como costes xeralizados, os bens naturais e culturais ós que poida afectar o tema.
- Evaluación no Plan Director das posibilidades de creación de solo industrial e reservado para comunicacións, considerando sempre o custo xeralizado, como se definiu antes.
- Consideración especial á promoción pública de vivendas, tanto para venda como moi especialmente para aluguer, e trato preferente, nas promocións privadas, para a construción destinada a aluguer con renda tasada.
- Declaración obrigada de bens para todos os cargos públicos e os seus familiares directos, ó comenzo e ó final dos seus mandatos.

MOCEDADE

EMPREGO

- Subvencións para a contratación de desempregados, tanto por empresas sen ánimo de lucro, como por calquer outro tipo de empresa, evitando amais disto a privatización dos servizos sociais esenciais.
- Subvencións para a creación e fomento de emprego estable dirixida aos moz@s, asemade, potenciar a creación de escolas-taller, casas de oficios e e talleres de emprego destinados a promover a futura inserción da mocidade no mundo laboral.
- Establecemento de programas ambiciosos para a prevención de riscos laborais. Cun sistema de intervención e sanción exhaustiva para as empresas con altos índices de siniestralidade.
- Creación dun programa de orientación sociolaboral dende os niveis máis básicos.
- Intermediación laboral, acabar coas ETT's e establecer un control exhaustivo sobre as subcontratas así como establecer límites para as mesmas, co obxectivo de evitar a explotación laboral e a represión sindical sobre os sectores máis afectados pola precariedade e a temporalidade laboral.

VIVENDA

Vivenda social en aluguer:

Os mozos e mozas galegos, apostamos polo aluguer como medio para iniciar a emancipación, propomos a creación dunha bolsa de vivendas equivalente ao 10% do parque residencial da comunidade autónoma galega, dita bolsa estaría formada por:

- Vivendas novas en aluguer xestionadas por unha empresa pública de aluguer.
- Vivendas en aluguer xestionadas polos usuarios en réxime de cooperativa.
- Vivendas baleiras: mediante concertos cos propietarios/as, establecer un mecanismo mediante o cal o usuario poidera dispor da vivenda durante un período determinado de tempo a cambio de que a administración comprométase ao mantimento da vivenda, garantizando a devolución en perfectas condicións ao finalizar o contrato.
- Elaboración dun censo de vivendas desocupadas onde se estuden a causa de dita desocupación e se establezan as medidas oportunas para rematar con ista situación.

Plan de vivenda xoven para a emancipación:

O obxectivo das políticas neste senso irían encamiñadas a xerar unha cadea de vivendas protexidas que faga fronte a dita situación.

- Políticas que possibiliten o acceso a unha vivenda digna a aqueles mozos e mozas que o desexen, de acordo a súa situación económica, así como o establecemento dun máximo non superior a 1/3 ao SMI como límite mensual do aluguer.

- Políticas que faciliten a saída ao mercado, de aluguer ou venda das actuais vivendas baleiras.
- Plano “primeira vivenda”, en réxime de aluguer, xestionadas polo ente público, irá dirixido principalmente aos mozos e mozas, cuns ingresos inferiores ao SMI,.
- Con carácter prioritario estas medidas irán dirixidas a aqueles sectores da poboación mais novos e cuns ingresos familiares inferiores a 3 veces o SMI.
- Vivendas en autoconstrucción, a idea consiste en facilitar solo e financiamento, ás cooperativas para que estas poidanse construír as súas casas.

Rehabilitación:

A nosa aposta é iniciar un proceso de rehabilitación e renovación que permita actuar sobre as vivendas que non cumpran as condicións de habitabilidade. Este plano permitiría chegar a acordos entre administración e propietarios para que unha vez rehabilitadas poideranse incorporar aos planos anteriormente citados.

EDUCACION

As seguintes actuacións dentro do marco competencial da comunidade autónoma galega:

- Mellora sustancial da rede de ensino público tanto no ensino xeral como no ensino especial.
- Gratuidade do ensino básico, incluíndo os libros de texto e o material didáctico necesario para o alumnado dos centros públicos. Para elo, crearanse bibliotecas, e dotacións de recursos en todos os centros así como potenciaranse fórmulas de préstamos de libros de texto e material aos alumnos.
- Xeneralización dos programas de garantía social en todos os IES.
- Apertura dos centros públicos escolares fóra do horario escolar,
- asignándolles os recursos necesarios para poder ofrecer un sistema de servizos e actividades de acordo coas necesidades do alumnado e do entorno do centro. Maior dotación de profesores de apoio para axudar a evitar o fracaso escolar.
- Fomento e ampliación das prazas de formación profesional, para acadar unha boa relación entre a oferta e a demanda de dito sector estudantil.
- Fomento un ensino crítico e científico en todos os ámbitos do ensino, tanto nos institutos como nas universidades públicas, sen esquecer que as universidades deben desenvolver todas as ramas do saber independentemente da demanda de prazas.
- Aumento e extensión das prazas para prácticas en empresas a todas as carreiras e FP's nas que isto sexa posible. Así como establecer un mecanismo que asegure que ditas horas de práctica contan coa remuneración axeitada para o alumno.

- Conxelación das taxas universitarias e supresión do recargo a partir de segundas ou terceiras matrículas.
- Establecemento dun sistema de becas, en cuíos criterios de acceso primen os criterios socioeconómicos e non os académicos, así como ampliar substancialmente tanto a cuantía como a cobertura das mesmas.
- Supresión das probas de acceso á univesidade pública, sendo a nota media do bacharelato o criterio para corrixir os desaxustes entre a oferta e a demanda de prazas.
- Desenvolvemento dun plano contra o fracaso escolar, que conte con bolseiros universitarios para apoiar naqueles centros con maior índice de fracaso.
- Potenciación do chamado “Software Ceive”, para acadar, grazas ao aforro nas licencias de uso, un nivel óptimo de número de computadores por alumno.
- Acadar un coñecemento real da memoria histórica do noso povo e do noso país, dende os niveis máis básicos de ensino.
- Desaparición dunha vez por todas da relixión nos aulas dos centros públicos para acadar unha sociedade laica.
- Establecemento de mecanismos que aseguren a aplicación da lei de normalización lingüística nos centros de ensino tanto primarios como secundarios.
- Considerar faltas xustificadas as faltas por enfermidade nos Ciclos Formativos.
- Educación sexual como materia obrigatoria na ESO.

MOCEDADE, OCIO, CULTURA

- Creación de casas da mocidade, centros culturais e sociais, que permitan aos mozos e mozas contar con espazos propios onde desenvolver un ocio creador, con medidas como, por exemplo, o establecemento de grupos de teatro, locais para grupos musicais e para que poidan pasar alí un bo anaco de tempo.
- Reducir aínda máis os prezos para os mozos en actividades culturais (cinema, teatro, circo...), a través do carné xoven.
- Reparto gratuito de anticonceptivos (principalmente o preservativo), para evitar a transmisión de enfermidades sexuais, así como os embarazos non desexados.
- En canto ao tema do botellón , é necesario un sistema non xeneralizado de estudo do problema, pois non todas as zonas onde se practica o botellon teñen a mesma problemática. Así, deberíanse habilitar zonas para o exercizo desta práctica e establecer os medios necesarios para controlar dunha forma razoáble o ruído xerado polos rapaces e rapazas, e establecer os medios necesarios para evitar o vandalismo e evitar que as nosas prazas e parques queden repletas de lixo.
- Reformar as leis e ordenanzas que rixen os horarios dos locais, así como fortalecer os mecanismos de inspección dos locais en materias como a calidade do alcohol, seguridade, insorización etc....

- Establecer un sistema de buses públicos gratuitos que conecten as principais zonas de marcha cos núcleos urbáns así como aumentar a súa periodicidade e seguridade.
- Promover campañas de información e de educación sexual entre os rapaces e rapazas para que poidan vivir a súa sexualidade de forma plena, sen nengún tipo de discriminación por orientación sexual, así como para evitar a ignorancia e o descoñecemento nun tema tan importante.
- Para desenvolver os valores do antimilitarismo e da no-violencia negar calquer tipo de colaboración coas campañas de recrutamento de tropas para o exército profesional.
- Deben ser consideradas familias todas aquelas persoas unidas por vínculo matrimonial, as parellas de feito e todas as unidades de convivencia cando constitúan núcleos estábeis de vida en común xa sexa por afectividade ou por parentesco.
- Amnistía para os condenados e condenadas por okupación

PARTICIPACIÓN

- **Establecer un regulamento para fomentar a participación xuvenil en todos os ámbitos da sociedade e da política por medio de foros abertos á participación, tanto a nivel individual como de asociacións, é dicir, comezar o proceso cara unha democracia participativa.**
- **Gratuidade do transporte público ate os 18 anos; así como a creación de redes de buses lanzadeira para que os estudantes e traballadores poidanse desprazar dende a súa vivenda ate o seu centro de traballo ou estudo.**
- **Establecemento de mecanismos reais para avanzar na normalización lingüística nos rapaces e rapazas máis novos e novas, por medio, entre outros, dos medios públicos de información (RTVG principalmente)**

MULLER

- **Verdadeiros programas que aseguren a igualdade da muller en todos os ámbitos da sociedade así como a igualdade de oportunidades para as mesmas. Asemade potenciar a incorporación das mozas con fillos ao mercado laboral.**
- **Vixiancia do cumprimento da lei en materia de igualdade sexual e sancións duras ás empresas e institucións que as incumplan.**
- **Desenvolver programas de educación para prever a violencia de xénero e establecer as medidas necesarias para evitar o incumprimento das medidas sancionadoras por parte dos maltratadores.**
- **Gratuidade da píldora postcoital.**

- **Establecer mecanismos para que permanezcan abiertos os centros de planificación familiar os fins de semana, pois son os períodos cunha enorme demanda de atencións.**

XUSTIZA

A política da Xunta de Galicia dende que foron transferidas as competencias, alá polo ano 1997, veu determinada pola falta de planificación, pola improvisación, sen un claro proxecto político do qué facer. A cuestión é sumamente grave tendo en conta que a Administración de Xustiza, segundo o propio, C.X.P.X., ocupa o último posto na valoración da cidadanía (2003-4,9%; 2004-3,87%) en relación ás restantes administracións. a XUSTIZA é unha peza básica do Estado do benestar. Defender unha xustiza de calidade é unha aposta pola convivencia pacífica na sociedade.

Á transferencia competencial realizouse dun xeito fixo , limitándose ó persoal , que por aquel entonces ascendía a algo máis de 1.000 funcionarios. Na actualidade o persoal funcionario ascende a aproximadamente 2.200. O orzamento incrementouse tan so no IPC, pero este non foi adicado a inversión

O orzamento de 43 millóns de euros foi asumido pola nosa Comunidade aumentando unicamente no IPC sen ter en conta a creación de novos órganos. Ademais a capacidade inversora é inexistente e só o Capítulo I adícase a persoal, existindo un total de 3 millóns de euros de déficit, persoal da Consellería a parte.

Os problemas conxunturais nunca resolven problemas estruturais. Un exemplo só o T.S.X.G na Sala do Contencioso ten 9.000 asuntos pendentes.

. A situación é dunha falta de medios materiais e humanos evidente. Cun corpo de interinos no que existen diferencias salariais co resto.

Esquerda Unida defende a creación dunha delgación do Instituto de Toxicoloxía localizado en Galicia para atender ó Noroeste peninsular.

E necesario adaptar as necesidades da administración de Xustiza trala modificación da LOPX 19/02, 23 de decembro, que modifica a Lei 6/85, reguladora do Poder Xudicial.

A oficina xudicial ata agora se concebía como unha oficina do século XIX, no que o xuíz realizaba multitude de funcións e se atopaba no cumio da pirámide. Dende a reforma , debe cumprir coa súa función fundamental, constitucional: dictar resolucións.

Oficina Xudicial: faise necesario unha modificación desta é do século XIX e débese adecuar o XXI e dar un servizo de calidade cun deseño dos planteis á nova oficina xudicial. Tendo en conta que na sociedade actual a litixiosidade vai a aumentar.

ESQUERDA UNIDA considera como elemento central que en Galicia se aumente un 10% as prazas de xuíces en 1ª Instancia, tendo en conta que o modelo de eficacia ven determinado en 650 asuntos. As enquisas e estudos realizados (Memoria Fiscalía, CXPX) amosan que moitos xulgados de primeira instancia case duplican esas ratios de eficacia . A este respecto temos que ter en conta que a xurisdicción penal ten un retraso aproximado de 5 anos

Hai que adecuar as ratios de traballo ás necesidades do Xuíz. En Europa hai 14 xuíces por 1000 hab. No Estado español hai 8 xuíces por 1000 hab. Faise necesario a creación dun 10 % máis de prazas.

DESEÑO DUN NOVO MAPA XUDICIAL EN GALICIA.

Hai que adecuar o mapa xudicial á nova realidade social de Galicia. Debendo crear novos partidos xudiciais onde non existen e sexan necesarios . Para elo deberá facerse un estudo riguroso que describa cada unha das situacións . Deberá ter en conta os movementos demográficos e sociais nos últimos anos. Ex. Vigo e Coruña. (conflitos sociais, etc).

Prevendo os índices de litixiosidade é necesario un estudio a fondo das necesidades de cada Partido xudicial.

Ex. Arteixo debe ter o seu propio Partido. Carballo , ampliálo. Pontedeume.

Respecto da creación de órganos xudiciais , ESQUERDA UNIDA opta pola especialización .

Violencia de xénero, facer un estudo en profundidade para satisfacer as necesidades.

Demanda social, pero débese estudar a resposta que se dá. Adecuar a realidade da xustiza á social.

Temos que ter en conta que tanto a administración autonómica como a estatal está a legislar sin financiación para a introducción destas reformas. Este é o caso dos xuízos rápidos. Da lei integral contra a violencia de xénero do PSOE que, o marxe de non introducir medidas reais que solventen ou palíen a problemática, non leva consigo investimento.

XUSTIZA MUNICIPAL

ESQUERDA UNIDA defende a mellora da xustiza municipal, fundamentalmente en Galicia, pola importancia das zonas rurais e a cercanía que a mesma supón. (* importancia en Galicia pola dispersión. Cercano á cidadanía)

Os xulgados de paz son os grandes esquecidos da Xustiza

Dependen totalmente do Concello, dos orzamentos dos concellos , de ahí a súa precariedade. (Debería producirse unha mellora a través da FEGAMP). Algúnes deles ata carecen de recursos informáticos.

Debemos defendes que neles haxa funcionarios de Xustiza

Xulgados de Paz: Mentre non se modifique a financiación hai que traballar coa Deputación Provincial e coa FEGAMP.

PACTO GALEGO POLA XUSTIZA.

PROPOSTAS BÁSICAS

- Segregación de algunha das Audiencias.
- Creación dunha Consellería de Xustiza, dotada de tódalas competencias (actualidade é xustiza, interior e Administración local)
- Potenciación do CENTRO DE ESTUDOS XUDICIAIS, debiando formar con carácter integral a todo o persoal de xustiza. Palmou puxo a primeira pedra que foi transformar a escola de seguridade de Galicia no centro de estudos, pero non fixo nada máis.

- Normalización lingüística: introducción do bilingüismo en toda actuación xudicial.
- Política de Transparencia, acercamento da política á cidadanía.
- Facer campañas educativas, tipo EDUCAR EN XUSTIZA. Dereito constitucional nos colexios, *. Para evitar que a Xustiza se convirta nun muro infranqueable para a cidadanía.
- Modificación e adaptación do Mapa Xudicial.
- Modificación da Oficina xudicial.
- Creación do IMELGA
- Creación dunha delegación en Galicia do Instituto de Toxicoloxía.
- Formación continúa do persoal de xustiza.
- Creación de Xulgados de 24 horas. Vigo e A Coruña. Un xulgado para a garda normal e outro para xuízos rápidos.
- Especialización dos órganos xudiciais.
- Creación dun 10% de xuíces.
- Planificación das políticas de xustiza
- PACTO GALEGO POLA XUSTIZA, por enriba do partidismo.
- Servizo público de calidade.
- Potenciación do T.S.X.G. en materia de casación, agás nos recursos en interese da Lei e unificación de doutrina.
- Comarcalización, reforzamento do mapa xudicial.
- Infraestructuras- Gastos a adaptación da nova oficina xudicial.
- Incremento de órganos xudiciais para os dous tipos.
- Creación das equipas psicosociais.

FERROCARRIL

O uso do ferrocarril xenera importantes beneficios para as sociedades como consecuencia dos menores índices de accidentalidade, conxestión, contaminación atmosférica, ruído e a súa menor aportación ó cambio climático en comparación con outros medios de transporte.

Coa definición do trazado e construción da liña de alta velocidade en proxecto eliminaranse servizos de transporte ferroviario tradicionais que prestaban servizo a pequenas poboacións. Igualmente, construír as novas liñas ferroviarias de alta velocidadee en ancho internacional suporá un custo adicional. As liñas de alta velocidade precisan de intercambiadores e tramos de ancho Renfe que permitan a súa compatibilidade con servizos ferroviarios convencionais, custos ós que deberá sumarse o mantemento dunha rede dual, e a do material, ancho internacional, ancho Renfe, ancho variable polo que os servizos e prezos posiblemente non sexan asequibles para toda a cidadanía.

É necesario aproveitar e mellorar a red existente coa rectificación de curvas, vía dobre, electrificada e a supresión dos pasos a nivel. Actuacións para conseguir un ferrocarril público ó servizo da cidadanía, que absorba o tráfico de viaxeiros/as e mercadorías da estrada, éste integrado e conectado con outros modos de transporte, reequilibre e cohesione o territorio, e contribúa a reducir o consumo enerxético e a contaminación. Todo elo provocaría unha sustancial diminución da accidentalidade, da conxestión en estradas, fundamentalmente nos accesos ás grandes cidades, da contaminación atmosférica e da contaminación acústica.

En canto á denominada “alta velocidade” plantexamos se constrúa a 220-250 km/h por ter uns custos de construción e explotación moito menores que a de velocidades superiores a 300 km/h, polo que poderá acometerse a construción destas liñas e a mellora da rede existente, dando servizo á maioría das poboacións e non so a grandes cidades.

Promover distintos tipos de servizos ferroviarios: cercanías, rexionais, longo percorrido e mercadorías, planificando as circulacións dos trenes de viaxeiros e mercadorías pola mesma vía, polo que habería que habilitar bandas horarias para as mercadorías.

As administracións deben definir as inversións e prioridades no seu desenvolvemento, asegurando a prestación do servizo público de rexionais e a implantación de cercanías nas áreas de influencia das cidades. Para as mercadorías débense conseguir a interconexión: ferrocarril, estrada e portos, polo que se deben establecer estacións de mercadorías, plataformas intermodais e portos secos que posibiliten o seu máximo desenvolvemento.

SOLIDARIEDADE CÓS EX-PRESOS POLÍTICOS ANTIFRANQUISTAS

- Esquerda Unida presentará no Parlamento Autonómico de Galicia propostas encamiñadas á concesión de indenizacións ás persoas que sufreron prisión como consecuencia dos supostos contemplados na Lei de Amnistía de 1997 e que non resultaron favorecidas pola Lei Xeral De Presupostos do Estado de 1990.
- Seguindo a recomendación do Defensor do Pobo en 1996 a todas as comunidades autónomas, os Gobernos autonómicos complementarán o réxime de indemnizacións a todas esas persoas có fin de rematar coas distintas discriminacións na concesión de ditas indemnizacións, que non se otorgaron a aqueles que estiveron menos de tres anos no cárcere ou tiñan menos de 65 anos en 1990, independentemente do tempo pasado na prisión. Dado que Galicia é a única Comunidade onde non se aplicaron as imdenizacións, EU presentará unha Proposición non de Lei nesta liña por vía de urxencia no Parlamento Galego.